

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 25 de ABRIL de 2014**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 25 de abril de 2014, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 3/14, do 28 de marzo.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 4.001 á nº 6.400, de 2014.](#)

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

[3.-Aprobación do convenio coa Fundación Biblioteca da Casa Consulado para financiar a catalogación e informatización de fondos no ano 2014.](#)

Comisión de Benestar Social, Políticas de igualdade de xénero e Normalización lingüística

[4.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para o financiamento do programa "Concilia os teus tempos" ano 2014.](#)

Comisión de Infraestruturas viarias: Vías e Obras Provinciais

[5.-Aprobación da modificación do proxecto complementario nº 1 do proxecto ampliación e mellora do trazado da EP 0106 de Ameás a Oza dos Ríos, tramo PK 8,600 ao 14,700, Abegondo e Oza dos Ríos \(10.1110.0001.0\) que foi incluído no Plan de investimento de vías provinciais 2010.](#)

[6.-Resolución das alegacións presentadas á aprobación do Plan de investimento de vías provinciais 2014, primeira fase.](#)

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

[7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación de Festexos Populares San Miguel de Sarandón para financiar o proxecto "XXXIII Exaltación do Viño da Ulla".](#)

[8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación Pura Raza Galega para financiar o proxecto "A copa Galicia de Pura Raza Galega \(P.R.G.\).](#)

[9.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Unión de Oficiais Guardia Civil Profesional para financiar o proxecto "Actividade social a favor da eficiencia no exercicio da profesión da Garda Civil e a deontoloxía profesional dos seus membros".](#)

[10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia \(ASCEGA\) para financiar o proxecto "Innova Coruña".](#)

[11.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación Terra de Homes para financiar o "Fortalecemento das Capacidades Técnicas e Organizativas dos Servizos de Cardioloxía e Cirurxía Pediátrica do Hospital Ignace Deen de Conakry na Guinea".](#)

12.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación Terra de Homes para financiar o proxecto “Viaxe cara á vida 2014”.

13.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello da Coruña para financiar o proxecto “ACORE II” no marco do Programa de Aprendizaxe permanente “Leonardo da Vinci- Mobilidade 2007-2013”.

14.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación Tesouros de Galicia para financiar o cofinanciamento do “Programa de bolsas Tesouros de Galicia 2014”.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

15.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o club Triatlón de Ferrol para financiar a adquisición dun vehículo (furgoneta) para a súa posterior cesión á entidade.

16.-Aprobación da modificación do cambio de obxecto do convenio suscrito co Concello de Malpica de Bergantiños para financiar a adquisición de Forno da Lucha para pasar a financiar as obras de rehabilitación do Forno da Costa.

17.-Aprobación dos anexos aos Pregos de cláusulas administrativas para a contratación das obras incluídas nos plans provinciais da Deputación Provincial da Coruña e outras obras provinciais para adaptalos á lexislación vixente.

18.-Aprobación inicial do expediente de alteración da cualificación xurídica do local no edificio A Milagrosa e de aprobación inicial do expediente de cesión de uso á Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

19.-Modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Amigos de la Ópera para financiar as actividades de promoción da ópera no ano 2013: LXI Festival de Ópera da Coruña.

20.-Aprobación da modificación do obxecto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cerceda (núm. 79/2013) para financiar as obras de reparación e tapar as fochas de camiños no concello (Camiño O Vilar e outros) para pasar a financiar a reparación e tapar as fochas de camiños no concello (camiño da Silva a pista de Rodís e outros).

21.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Cruz Vermella Española para financiar a adquisición de dúas ambulancias con destino á Cruz Vermella Española Oficinas locais de Ferrol e A Coruña.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

22.-Modificación relación de postos de traballo e cadro de persoal de 2014.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

23.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Actuacións no patrimonio municipal en Tines e Vimianzo”, incluída na 2ª fase da anualidade 2012 do Plan “DTC 94: Unha Deputación para todos os concellos”. Código 2012.3280.00123.0.

24.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares para o financiamento das obras de “Rehabilitación de edificio aillado para locais de ensaio”.

25.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Arzúa para o financiamento das obras de “Acceso a Pastoriza Vella dende o camiño de Pantiñobre e outros”.

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Capela para o financiamento das obras de “Acondicionamento interior dos vestiarios e aseos do ximnasio e piscina municipal”.

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello do Corcubión para o financiamento da adquisición de “Plataforma elevadoras para o centro de día de Corcubión”.

28.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento de “Subministración de sistema de detección e alarma de incendios para o centro de día de Corcubión”.

29.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Dumbría para o financiamento das obras de “Mellora de seguridade viaria na estrada municipal de Oliveira a Bañas, no Concello de Dumbría”.

30.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía para o financiamento da adquisición de “Subministración de contedores de residuos sólidos urbanos”.

31.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía para o financiamento das obras de “Drenaxe lonxitudinal no camiño da Capela Santo Antonio (Olas) e abastecemento rede xeral no Couto (Bascoi)”.

32.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía para o financiamento das obras de “Camiño Panceira-Campo de fútbol, camiño Guitiriz (Visantoña), camiño campo da festa (Visantoña) e camiño entre Casas do Pousadoiro (Visantoña).”

33.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía para o financiamento das obras de “Accesos casa de cultura (Xanceda), camiños en Arosa (Xanceda) e de Arosa a Outeiro (Xanceda)”.

34.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muxía para o financiamento das obras de “Melloras e acondicionamento de viais (lugares de Quintáns, Baldomar, Buiturón e outros) do Concello de Muxía.

35.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento das obras de “Restauración, parque forestal do sanatorio de Cesuras: podas sanitarias e tratamentos silvícolas e fitosanitarios, infraestruturas e obras civil.”

Comisión Economía, Facenda e Especial de Contas

36.- Plan presupostario a medio prazo e determinación do límite de gasto non financeiro 2015-2017

37.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 31.03.2014 e proxección a 31.12.2014.

38.-Aceptación da delegación de competencias en materia tributaria acordada polo Concello de Santiso.

39.-Fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e os doutros entres públicos correspondentes ao exercicio 2012.

40.-Información correspondente ao presuposto e estados financeiros iniciais rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do artigo 15.2 da orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro: avaliación do obxectivo de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira na unidade institucional "Deputación Provincial da Coruña".

41.-Información do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao 3º e 4º trimestre de 2013, en cumprimento do disposto polo art. 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

42.-Tomar coñecemento da liquidación do orzamento para o exercicio 2013 do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

43.- Tomar coñecemento da resolución de Presidencia número 6.850, do 11 de abril de 2014 relativa á aplicación das limitacións ao número de persoal eventual e cargos públicos con dedicación exclusiva contidas na Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local.

44.-Convenio de cesión de uso gratuíto á Deputación Provincial da Coruña por parte do Concello de Arteixo dun local no centro Arteixo Innovación para o seu uso como oficina tributaria e recadatoria da Zona 1.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial Socialista á supresión dos partidos xudiciais.

-Moción do Grupo Provincial do BNG para solicitar a retirada do anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial.

-Moción do Grupo Provincial Popular sobre o texto de reforma da Lei orgánica do poder xudicial.

-Moción do Grupo Provincial do BNG para a revisión da facturación do consumo eléctrico municipal.

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 25 DE ABRIL DE 2014

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 25 de abril de 2014, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JUAN JOSÉ BLANCO RIVEIRO	BNG
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ	PSOE
DON MANUEL COSTA CARNEIRO	PP
DON JOSÉ DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO	PP
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 3/14, DO 28 DE MARZO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 3/14, do 28 de marzo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 4.001 Á Nº 6.400, DE 2014.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 4.001 á nº 6.400, de 2014.

3.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN BIBLIOTECA DA CASA CONSULADO PARA FINANCIAR A CATALOGACIÓN E INFORMATIZACIÓN DE FONDOS NO ANO 2014.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 26 de marzo de 2014.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Biblioteca de Casa Consulado, correspondente á subvención nominativa, por importe de 8.000 €, concedida para financiar a *Catalogación e informatización de fondos no ano 2014*, cun orzamento subvencionado de 10.260,80 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Biblioteca da Casa Consulado para financiar a *Catalogación e informatización de fondos no ano 2014*”

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Javier Padín Martínez, presidente da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña.

Os comparecentes intervén no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

MANIFESTAN

1.- A Fundación Biblioteca da Casa Consulado é unha entidade fundada por D. Pedro Antonio Sánchez Vaamonde, que foi aprobada por Real Orde do 2 de xuño de 1803, que ten como fins:

“a) Conservar e incrementar o seu patrimonio histórico e, en especial o valioso fondo bibliográfico, documental, iconográfico e cartográfico constituído orixinariamente por D. Pedro Antonio Sánchez Vaamonde e o Real Consulado, así como os presentados por outros doantes.

b) Facilitar por todos os medios axeitados o coñecemento, estudo e consulta dos ditos fondos.

c) Contribuír polos seus propios medios e colaborar con outras institucións á valoración e conservación do patrimonio cultural e da memoria histórica e, en xeral, ao desenvolvemento e difusión da cultura ao servizo do progreso e a liberación do ser humano, conforme ao espírito que animou toda a vida e obra do seu fundador”.

2.- Os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Así mesmo, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

3.- A Fundación Biblioteca da Casa Consulado ten en marcha o proxecto de catalogación e informatización dos seus fondos, de grande interese e valor histórico, polo que a Deputación da Coruña vén de financiar a catalogación e informatización do fondo antigo, do fondo moderno, da colección de publicacións seriadas e folletos da Biblioteca, das estampas en láminas da Calcografía Nacional e dos gravados que se contén en libros a partir de 1498.

4.- Neste contexto e coa finalidade de continuar cos traballos realizados e, coa finalidade de protexer e conservar o patrimonio bibliográfico e documental, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Biblioteca da Casa Consulado acordan subscribir o presente convenio de colaboración, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña (CIF: G15028160) para financiar a **Catalogación e informatización de fondos no ano 2014** no que se catalogarán 1.060 rexistros bibliográficos recibidos a través de diversas doazóns.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

* Catalogación de fondos bibliográficos (8 € x 1.060 rexistros)	8.480,00.-
* IVE 21 %	1.780,80.-
Total	10.260,80 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **8.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **77,967 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,967 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/480, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co

da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña, unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias

compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación dos ingresos obtidos por matrículas.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña queda

sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2014.

2.- Logo da solicitude da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “CONCILIA OS TEUS TEMPOS” ANO 2014.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 2 de abril de 2014.

2.- Aprobar o convenio co Concello da Coruña, correspondente á subvención nominativa, por importe de 80.000 €, para financiar o proxecto “Concilia os teus tempos. Servizo de canguraxe municipal 2014, cun orzamento subvencionado de 246.960 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “CONCILIA OS TEUS TEMPOS” SERVIZO DE CANGURAXE MUNICIPAL EN 2014

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte o presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte, D. Carlos Negreira Souto, alcalde-presidente do Concello da Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN:

É competente a Deputación da Coruña para o establecido no convenio, conforme ao disposto na Lei de bases de réxime local 7/85, art. 36 e na Lei de admón. local de Galicia, 5/97 arts. 109 a 119, para a colaboración no financiamento das actividades de fomento a administración dos intereses peculiares da provincia sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a dita colaboración.

Segundo a Lei de servizos sociais 13/2008, art. 63, a Deputación é competente para o apoio aos concellos nas prestacións dos servizos sociais.

O servizo de canguraxe municipal, responde aos obxectivos que formulan leis promulgadas a nivel estatal e autonómico como son: a Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo para igualdade efectiva de mulleres e homes, a Lei galega 7/2004 do 16 de xullo, para igualdade de mulleres e homes e a Lei 2/2007 do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, así como a Lei de Galicia 3/2011 do 30 xuño, de apoio á familia e á convivencia.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da Coruña ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, co CIF P1503000J, para o financiamento do desenvolvemento das actuacións do programa “Concilia os teus Tempos” durante o ano 2014, que é un Servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal (“Servizo de Canguraxe Municipais”) que se ha desenvolver en 2014.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Concello da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

PROXECTO “CONCILIA OS TEUS TEMPOS”		
CONCEPTO	IMPORTE	
I) Gastos xerais das modalidades do servizo		
Xestión e seguimento do proxecto e relacións coas unidades familiares: <i>Gastos de persoal: Técnica media de Igualdade</i>	38.960,00 €	
II) Gastos específicos de cada modalidade do servizo		
Modalidade de espazos de atención á infancia da carácter colectivo (E.A.I.): <i>Gastos de contratación dunha empresa especializada na prestación deste tipo de servizo</i>	146.000,00 €	
Modalidade de atención á infancia a domicilio (AD): <i>Gastos de contratación dunha empresa especializada na prestación deste tipo de servizo</i>	30.000,00 €	
Modalidade de rede de ludotecas (L): <i>Gastos de contratación dunha empresa especializada na prestación deste tipo de servizo</i>	32.000,00 €	
TOTAL GASTOS	246.960,00 €	
DESAGREGAMENTO POR ENTE FINANCIADOR		%
FONDOS PROPIOS DO CONCELLO DA CORUÑA	160.960,00	67,61%
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (OBXECTO DO CONVENIO)	80.000,00 €	32,39%

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 80.000 €, o que representa

unha porcentaxe de 32,39%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 32,39%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos) acreditando o Concello da Coruña que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231F/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello da Coruña de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello da Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta no disposto na base 56º das de execución do orzamento para o ano 2014 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da Coruña, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello da Coruña estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se transcorreron máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos

compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, realizaranse dende o **1 de xaneiro de 2014 ao 31 de decembro de 2014**, polo que deberán estar rematadas **antes do 30 de xuño de 2015**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA, é dicir, **antes do 30 de xullo de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

4. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

5. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro de 2015**.

2. Para o caso de que o Concello da Coruña non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación do ano 2014 antes do día **30 de xullo de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Coruña perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello da Coruña, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ o día _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE-PRESIDENTE DO
PROVINCIAL DA CORUÑA CONCELLO DA CORUÑA

Diego Calvo Pouso

Carlos Negreira Souto”

5.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO COMPLEMENTARIO Nº 1 DO PROXECTO AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA EP 0106 DE AMEÁS A OZA DOS RÍOS, TRAMO PK 8,600 AO 14,700, ABEGONDO E OZA DOS RÍOS (10.1110.0001.0) QUE FOI INCLUÍDO NO PLAN DE INVESTIMENTO DE VÍAS PROVINCIAIS 2010.

INTERVENCIÓNS

Sr. Presidente

Eu supoño que habería un erro ao transcribir o nome, porque Oza dos Ríos como tal non existe e se a Deputación non coida que apareza o nome apropiado, estamos apañados.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación do proxecto complementario número 1 do proxecto ampliación e mellora do trazado da C.P. 0106 de Ameás a Oza dos Ríos, tramo PK 8,600 ao 14,700, Abegondo e Oza dos Ríos (10.1110.0001.0) cun presuposto total de 250.292,85 euros e que se detalla:

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
MODIFICACIÓN DO PROXECTO COMPLEMENTARIO NÚMERO 1 DO PROXECTO AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA C.P. 0106 DE AMEAS A OZA DOS RIOS, TRAMO PK 8,600 AO 14,700, ABEGONDO E OZA DOS RIOS (10.1110.0001.0)	250.292,85

2.- Expoñer ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, considerárase definitivamente aprobado.”

6.-RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTO DE VÍAS PROVINCIAIS 2014, PRIMEIRA FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o PLAN DE INVESTIMENTO DE VIAS PROVINCIAIS 2014, PRIMEIRA FASE, aprobado polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 28 de marzo de 2014 e publicado no Boletín Oficial da Provincia número 43, do 5 de marzo de 2014.

Vistas as alegacións presentadas por D^a Carmen Sánchez Riveiro en relación ao proxecto técnico da obra incluída no plan denominada “*DP 0810 de Guiliade-Guísamo, 1ª fase, actualización, ampliación e mellora*”, nas que solicita, en primeiro lugar, a actualización e rectificación da titularidade dos bens e dereitos afectados pola expropiación alegando a existencia dun cambio na titularidade da parcela da que di

ser actualmente propietaria, en segundo lugar, o cambio da clasificación urbanística da parcela xa que de conformidade coas normas subsidiarias de planeamento vixentes no Concello de Bergondo, a parcela está clasificada como solo de núcleo rural, e así é como consta no anexo do proxecto relativo ás expropiacións, aínda que a interesada alega que está en fase de redacción o Plan xeral de ordenación municipal e que de conformidade á descrición catastral actualizada e a clasificación urbanística actual solicita que o dito solo se considere urbano para os efectos do expediente expropiatorio, e en terceiro lugar solicita a adaptación do proxecto técnico da obra mantendo o acceso á finca, mediante o correspondente tratamento da beirarrúa, así como a eliminación da barreira producida polo aparcamento na proxección da saída da vía.

Considerando que no informe suscrito polo xefe do Servizo Técnico de Vías e Obras Provinciais sobre as alegacións presentadas, ponse de manifesto que estas alegacións non cuestionan o trazado do proxecto, a utilidade pública nin a necesidade da urxente ocupación; máis ben todo o contrario; e que tan só se refiren a cuestións de titularidade que, previas as comprobacións correspondentes, poderán ser rectificadas pola administración e en especial no levantamento das actas previas.

Considerando as conclusións contidas no informe suscrito polo xefe do Servizo de Asistencia Técnica urbanística.

DESESTIMAR as alegacións presentadas por D^a Carmen Sánchez Riveiro ao proxecto técnico correspondente á obra denominada “*DP 0810 de Guiliade-Guísamo, 1ª fase, actualización, ampliación e mellora*”, que foi incluída no PLAN DE INVERSIÓN DE VIAS PROVINCIAIS 2014, PRIMEIRA FASE, aprobado polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 28 de marzo de 2014 e publicado no Boletín Oficial da Provincia número 43, do 5 de marzo de 2014 porque, dunha parte, estas alegacións non cuestionan a legalidade do trazado global do proxecto, nin a utilidade pública da obra nin a necesidade da urxente ocupación dos terreos necesarios para a súa execución; e porque, doutra parte, no tocante ás cuestións relativas a titularidade da parcela, sita no polígono 002, parcela 84 rústica, obxecto de expropiación, sobre a que alega a interesada que existe un cambio de titularidade xa que di ser actualmente propietaria desta, poderá procederse a súa modificación, revisión ou rectificación no trámite da expropiación, na fase de información pública anterior ao levantamento das actas previas, unha vez que se acredite documentalmente pola interesada a titularidade da parcela e se efectúen pola administración as comprobacións oportunas. Polo que respecta á cualificación urbanística estarase ao que resulte da normativa urbanística aplicable actualmente vixente que se terá en conta para a súa valoración.”

7.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES SAN MIGUEL DE SARANDÓN PARA FINANCIAR O PROXECTO “XXXIII EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a

existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de marzo de 2014.

2.-Excepcionar para o presente convenio o principio de imputación temporal do gasto, establecido no artigo 176 do Texto refundido da lei das facendas locais, por ter o convenio efecto retroactivo, financiar gastos do ano 2013 e imputarse o gasto ao exercicio 2014, solucionado deste xeito a nota de observacións emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de marzo de 2014

3.-Condicionar o presente acordo á definitiva entrada en vigor do expediente de modificación de crédito núm. 1/2014.

4.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e ASOCIACIÓN FESTEXOS POPULARES SAN MIGUEL DE SARANDÓN.

5.- A achega provincial disposta neste convenio ascende a un total de 15.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 74,67 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio á partida orzamentaria 0510/338A/481.

6.- Facultar ao Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN FESTEXOS POPULARES SAN MIGUEL DE SARANDÓN

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. José García Pernas, con DNI núm. 76477113C, en representación da ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES

1. Que a Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES consideran de grande interese para a provincia promocionar os viños da Subzona Ribeira do Ulla, poñer en valor a cultura do viño e fomentar o desenvolvemento turístico do dito territorio que é a única zona de viños amparada por unha denominación de orixe en todo o territorio da provincia da Coruña.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES, CIF G15375199**, para o financiamento da “XXXIII Exaltación do viño da Ulla”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
XORNADAS TÉCNICAS SOBRA A CULTURA DO VIÑO	1.660,00 €
MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS SUBZONA RIBEIRA DO ULLA	3.215,00 €
CAMPAÑA DE DIFUSIÓN	8.170,22 €
GASTOS XERAIS DE ORGANIZACIÓN E ACTUACIÓNS	7.044,21 €
TOTAL	20.089,43 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 15.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 74,67%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,67% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/338A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas

de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA tiveron lugar entre o 1 de xaneiro de 2013 ata o 15 de maio de 2013.

2. A ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES terá

dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia

ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 15 de maio do ano 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de outubro do ano 2014**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES non poida ter presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DE FESTEXOS POPULARES, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

DON DIEGO CALVO POUSO”

O representante da ASOCIACIÓN
DE FESTEXOS POPULARES

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN PURA RAZA GALEGA PARA FINANCIAR O PROXECTO “A COPA GALICIA DE PURA RAZA GALEGA (P.R.G.).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de marzo de 2014.

2.-Excepcionar para o presente convenio o principio de imputación temporal do gasto, establecido no artigo 176 do Texto refundido da lei das facendas locais, por ter o convenio efecto retroactivo, financiar gastos do ano 2013 e imputarse o gasto ao exercicio 2014, solucionando deste xeito a nota de observacións emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de marzo de 2014

3.-Condicionar o presente acordo á definitiva entrada en vigor do expediente de modificación de crédito núm. 1/2013.

4.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO.

5.- A achega provincial disposta neste convenio ascende a un total de 15.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 75 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio á partida orzamentaria 0510/432A/481.

6.- Facultar ao Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte D. José Ramón Abel Prado, con DNI núm. 33853897J, en representación da ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO

1. Que a Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO consideran de grande importancia a promoción da raza e o negocio que da lugar este tipo de eventos como dinamizador social e económico do concello ou institución feiral que o organiza. A poboación destes núcleos pode chegar a duplicarse por turistas e visitantes.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO, CIF G36295335**, para o financiamento da “Copa Galicia de Pura Raza Galega (P.R.G.) en municipios da provincia”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
ORGANIZACIÓN CERTÁMES		8.000,00 €
TELÉFONO	1.800,00 €	
CONCURSOS (Trofeos, escarapelas, placas, premios)	6.200,00 €	
GASTOS DESPRAZAMENTO CAMIÓN ESPECTÁCULO		5.850,00 €
SEGUROS (Vehículos)	250,00 €	
GASOIL	5.000,00 €	
TELEPEAXE	600,00 €	
PAGO HONORARIOS (domadores, choferes, mozos corte)		6.000,00 €
COLABORACIÓN	6.000,00 €	
PAPELERÍA		150,00 €
TOTAL		20.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 15.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 75,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a

recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL a achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscribida polo representante legal da ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsión deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematada as actividades A ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DE DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA .

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO

GALEGO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos

fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 31 de marzo de 2013 ata o 20 de outubro de 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2014**, sempre e cando exista crédito para tal fin no exercicio 2014.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO non poida ter presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da ASOCIACIÓN
PURA RAZA CABALO GALEGO

DON DIEGO CALVO POUSO”

9.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A UNIÓN DE OFICIALES GUARDIA CIVIL PROFESIONAL PARA FINANCIAR O PROXECTO “ACTIVIDADE SOCIAL A FAVOR DA EFICIENCIA NO EXERCICIO DA PROFESIÓN DA GARDA CIVIL E A DEONTOLOXÍA PROFESIONAL DOS SEUS MEMBROS”.

INTERVENCÍONS

Sr. Requeira Varela

Nun momento como este en que, por desgraza, a Deputación nas súas liñas de subvencións ordinarias non pode financiar a totalidade dos proxectos que se nos presentan, a nós polo menos resúltanos curioso que se vaia participar ou colaborar coa Garda Civil nun proxecto que ao noso entender, a eficiencia no exercicio da profesión de Garda Civil ten que ser unha cuestión que ten que solucionar o propio Ministerio de Defensa ou o propio Instituto Armado, non vexo aquí que a Deputación teña que participar neste tipo de actividades, polo tanto, nós neste caso imos votar en contra.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, nós ímonos abster neste punto, e as razóns da abstención son as seguintes. Por unha parte, a actividade xa se realizou o pasado ano, a actividade que imos subvencionar xa se realizou, incumpre polo tanto o principio de imputación temporal. A xustificación para esta subvención faise en función dun apartado do artigo 36 do Texto refundido da lei de bases de réxime local, que por certo xa serve para xustificar outras subvencións, pero que xa non existe ese apartado, ese apartado foi suprimido na nova redacción da Lei de racionalidade e sostibilidade da administración pública.

Ten tamén reparos e pídesenos que neste ditame levantemos o reparo porque entendemos, o Pleno entende, que neste convenio excepciónaselle o principio de concorrencia, igualdade e non discriminación ao entender que existen razóns de interese público. Nós non entendemos que razóns de interese público poden existir nesta subvención e por outra parte tampouco estamos de acordo en que haxa que levantar o reparo dicindo que hai que excepciónar o principio de concorrencia, igualdade e non discriminación cando existen doce asociacións de Garda Civil inscritas no rexistro da Garda Civil, a Asociación Independiente de la Guardia Civil, a Asociación Independiente de Guardias Civiles, a Asociación de la escala de

Suboficiales de la Guardia Civil Profesional, a Unión de Oficiales de la Guardia Civil Profesional, a Asociación Unificada de Guardia Civiles, así ata doce entidades.

Polo tanto, non entendemos que haxa que excepcionar, entendemos que a actividade está realizada, entendemos que se incumpre o principio de imputación temporal e entendemos que a xustificación que nos informes do servizo se fan para xustificar esta subvención, se basee nun artigo que xa non existe, que está derogado dende o 30 de decembro do ano 2013. E xa para non pedir para a próxima vez, razóns similares vannos levar á abstención do punto seguinte tamén.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: 5 deputados (BNG)
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 09 de abril de 2014.

2.-Excepcionar para o presente convenio o principio de imputación temporal do gasto, establecido no artigo 176 do Texto refundido da lei das facendas locais, por ter o convenio efecto retroactivo, financiar gastos do ano 2013 e imputarse o gasto ao exercicio 2014, solucionando deste xeito a nota de observacións emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de marzo de 2014

3.-Condicionar o presente acordo á definitiva entrada en vigor do expediente de modificación de crédito núm. 1/2014.

4.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e UNIÓN DE OFICIALES GARDA CIVIL PROFESIONAL

5.- A achega provincial disposta neste convenio ascende a un total de 6.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 29,73 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio á partida orzamentaria 0510/132A/481.

6.- Facultar ao Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Miguel Soldán Lema, con DNI núm. 32789566 F, en representación da UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e a UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL consideran de grande interese satisfacer os intereses sociais, económicos e profesionais dos Oficiais da Garda Civil e a realización de actividades sociais que favorezan a eficiencia no exercicio da profesión e a deontoloxía profesional dos seus membros e, en particular a colaboración no fomento da vocación do Servizo ao Cidadán dos Gardas Cívís.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL, CIF G85478576**, para o financiamento da “Actividade social a favor da eficiencia no exercicio da profesión de Garda Civil e a deontoloxía profesional dos seus membros”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
CUSTOS DIRECTOS	20.180,00 €
<i>Dirección e coordinación</i> (Custos que corresponden aos orixinados polas persoas que se encargaron da súa organización e posta en funcionamento)	4.000,00 €
<i>Persoal</i> (Relatores, mesas redondas que tiveron lugar na celebración)	3.500,00 €
<i>Funcionamento (da actividade)</i> (Gastos orixinados pola organización, funcionamento e clausura do evento)	4.100,00 €
<i>Publicacións e material</i>	4.290,00 €

(Publicidade, material diverso, acreditacións, trípticos, cartelería)	
Axudas de custe e aloxamento (O persoal que asiste ao Congreso, incluídos os relatores, proceden de toda a xeografía nacional, incluíndo Canarias, Ceuta e Melilla)	4.290,00 €
TOTAL	20.180,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 6.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 29,73%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 29,73% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/132A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía,

debedo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. A UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio, establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio

que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da

xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os días 25 e 26 de outubro de 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2014**.
2. Para o caso de que a UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL non poida ter presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da UNIÓN DE OFICIAIS GARDA CIVIL PROFESIONAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de _____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da UNIÓN DE
OFICIAIS GARDA CIVIL
PROFESIONAL

DON DIEGO CALVO POUZO”

10.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPREENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) PARA FINANCIAR O PROXECTO “INNOVA CORUÑA”.

VOTACIÓN

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 7 de abril de 2014.

2.-Excepcionar para o presente convenio o principio de imputación temporal do gasto, establecido no artigo 176 do Texto refundido da Lei das facendas locais, por ter o convenio efecto retroactivo, financiar gastos do ano 2013 e imputarse o gasto ao exercicio 2014, solucionando deste xeito a nota de observacións emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de marzo de 2014

3.-Condicionar o presente acordo á definitiva entrada en vigor do expediente de modificación de crédito núm. 1/2014.

4.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA ASCEGA.

5.- A achega provincial disposta neste convenio ascende a un total de 30.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 79,193 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio á partida orzamentaria 0510/3341/481.

6.- Facultar ao Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA ASCEGA.

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Alfonso Salazar Martínez, con DNI núm. 32768071V, en representación da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA)

1. Que a Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) consideran de grande interese para a provincia impulsar o comercio electrónico e marketing online para o emprendedor e o empresario, achegando visións, ideas, experiencias e oportunidades.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA)**, CIF **G70252622**, para o financiamento das actividades no “*Proxecto Coruña Innova*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
CONTRATACIÓN DE RELADORES	2.981,44 €
ALUGUER DE 14 VALLAS PARA DIFUSIÓN DE EVENTOS	2.964,50 €
TÉCNICOS E MONTAXE AUDIO E SON EVENTOS	3.357,75 €
ALOXAMENTO HOTEL RELADORES	561,00 €
SERVIZOS DE REDES SOCIAIS E COMMUNITY MANAGER MARZO, ABRIL E MAIO	2.123,00 €
CARTELERÍA, PROGRAMAS DE MAN E PUBLICACIÓN DE ANUNCIOS NA VOZ DE GALICIA E NO SUPLEMENTO	8.349,00 €
SECRETARÍA TÉCNICA, ORGANIZACIÓN, COORDINACIÓN E EXECUCIÓN DE EVENTOS (21% IVA INCLUIDO):	17.545,00 €
- E-COMMERCE, 27 E 28 DE MAIO DE 2013 - SECRETARÍA TÉCNICA	
-Organización e Coordinación e-commerce	2.500,00 €
-Azafatas	360,00 €
-Voos e desprazamentos relatores (5 páx)	2.480,00 €
- I CONGRESO NACIONAL DE FORMACIÓN BONIFICADA, 30 DE MAIO DE 2013 - SECRETARÍA TÉCNICA	
-Organización e Coordinación congreso	5.200,00 €
-Azafatas e persoal auxiliar día 30	535,00 €
-Voos e desprazamentos relatores (10 páx)	3.425,00 €
TOTAL	37.881,69 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 79,193%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o

importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,193% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tiveron lugar os días 27, 28 e 30 de maio de 2013.
2. A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e

pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados os días 27, 28 e 29 do ano 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2014**.
2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) non poida ter presentada a xustificación **antes do 1 de setembro do 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN _____ O representante da
ASOCIACIÓN COMERCIAL DE
EMPRENDEDORES DE GALICIA
(ASCEGA)”

11.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN TERRA DE HOMES PARA FINANCIAR O “FORTALECIMENTO DAS CAPACIDADES TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DOS SERVIZOS DE CARDIOLOXÍA E CIRURXÍA PEDIÁTRICA DO HOSPITAL IGNACE DEEN DE CONAKRY NA GUINEA”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de abril de 2014.

2.-Excepcionar para o presente convenio o principio de imputación temporal do gasto, establecido no artigo 176 do Texto refundido da lei das facendas locais, por ter o convenio efecto retroactivo, financiar gastos do ano 2013 e imputarse o gasto ao exercicio 2014, solucionando deste xeito a nota de observacións emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de marzo de 2014

3.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e FUNDACIÓN TIERRA DE HOMBRES.

4.- A achega provincial disposta neste convenio ascende a un total de 16.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 41,498 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio á partida orzamentaria 0520/232B/781 documento contable RC núm. de operación 220140007083.

5.- Facultar ao Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN TIERRA DE HOMBRES ESPAÑA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “FORTALECEMENTO DAS CAPACIDADES TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DOS SERVIZOS DE CARDIOLOXÍA E CIRURXÍA PEDIÁTRICA DO HOSPITAL IGNACE DEEN DE CONAKRY, NA REPÚBLICA DE GUINEA”

A Coruña, de de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervéñ neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Raúl Besada Vázquez, DNI núm. 32.438.922-K, que intervéñ neste acto en nome e representación da “Fundación Tierra de Hombres España”, CIF G-80956733, con domicilio social na Rúa Os Canteiros 1, CP 15176 Nós – Oleiros (A Coruña), na súa calidade de delegado para Galicia.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A “Fundación Tierra de Hombres España” (a beneficiaria, en adiante), CIF G80956733, é unha organización non governamental de desenvolvemento constituída no ano 1994 ao amparo da Lei 50/2002, de fundacións, que forma parte do *Movemento Internacional Terre des Hommes*, creado en Lausanne (Suíza) en 1960. É membro asociado da *Federación Internacional Terre des hommes (FITDH)*, a segunda agrupación de ONGD de atención á infancia e Organismo Consultivo do *Consello Económico e Social de Nacións Unidas*, de UNICEF e do Consello de Europa.

O proxecto “Fortalecemento das capacidades técnicas e organizativas dos servizos de cardioloxía e de cirurxía pediátrica do Hospital Ignace Deen, de Conakry (República de Guinea)”, se enmarca no “Programa de Atencións Médicas Especializadas” que promove a beneficiaria, consistente na mellora dos recursos sanitarios propios dos países do sur, co obxectivo de que os seus centros sanitarios poidan atender as necesidades da poboación, e cando isto non é posible, particularmente porque a enfermidade afecta aos máis pequenos e se precisa unha tecnoloxía inexistente no seu país de orixe, é cando se pon en funcionamento o proxecto “Viaxe cara a Vida”, que a Deputación da Coruña vén apoiando nos últimos anos.

A Deputación da Coruña intervén no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, disposta na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo de 25/abril/2014, a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da entidade “Fundación Terra de Hombres España”, por importe de 16.000,00 euros, para o financiamento do proxecto “Fortalecemento das capacidades técnicas e organizativas dos servizos de cardioloxía e de cirurxía pediátrica do Hospital Ignace Deen, de Conakry (Guinea)”.

Dado o interese coincidente da Deputación e Fundación Terra de Hombres España, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto de “Fortalecemento das capacidades técnicas e organizativas dos servizos de cardioloxía e de cirurxía pediátrica do Hospital Ignace Deen, de Conakry (República de Guinea)” consiste na mellora das instalacións e do equipamento dos Servizos de Cardiología e de Cirurxía Pediátrica do “Hospital Ignace Deen”, de Conakry (República de Guinea), así como a capacitación e apoio técnico ao persoal que presta servizos nas citadas unidades, para que ofrezan unha atención sanitaria de calidade no tratamento de patoloxías graves de nenos/as.

A execución do proxecto levarase a cabo en colaboración coa contraparte local “Terre des hommes Guinea”, que á súa vez actúa no marco dun convenio de colaboración co “Ministere de la santé et de l’hygiène publique” da República de Guinea, que inclúe o apoio ás infraestruturas sanitarias do país, neste caso a favor do “Hospital Nacional Ignace Deen”, situado na capital, Conakry.

II. ORZAMENTO

O orzamento de execución ascende a un importe equivalente a **38.556,00 €**, que se resume nas seguintes partidas:

CONCEPTO		IMPORTE
Melloras	Acondicionamento xeral da fontanería, electricidade e albanería na sala de operacións e na sala de consultas da Unidade de Cirurxía Pediátrica	3.278,00 €
	Acondicionamento xeral da fontanería, electricidade e albanería na sala de consultas da Unidade de Cardiología	3.278,00 €
Equipamento	Equipamento para a Unidade de Cirurxía Pediátrica (velas dilatación, 2 extractores de osíxeno, aparato de anestesia, 3 tensiómetros e 5 estetoscopios pediátricos, ACCUVAC Basic vacío, máquina ultrasón, electrocauterio HFS 100, 2 resectores de uroloxía pediátrica, lámpada scialítica e 12 camas de hospital)	16.000,00 €
	Equipamento para a Unidade de Cardiología (máquina de medida de esforzo e electrocardiograma)	16.000,00 €
TOTAL		38.556,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 16.000,00 euros, o que equivale a un 41,498 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 41,498 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/232B/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

1.1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A esta memoria se acompañará unha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

1.2. Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición dos bens ou equipamento, expedida polo órgano competente.

1.3. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

1.4. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas dos contratos formalizados, dos albarás de entrega e das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.5 . Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente

1.6. Acta de recepción e conformidade por parte do Hospital Ignace Deen, das melloras realizadas e dos equipamentos entregados, e compromiso da afectación das instalacións e equipamentos á finalidade para a que foi concedida a achega provincial por un prazo de cinco anos máis, polo menos.

1.7. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.8. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.9 . Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Porén, poderá realizarse un primeiro pagamento, por importe equivalente ao 40 % da achega concedida, co carácter de anticipo prepagable, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Base 48ª das de execución do presuposto provincial para 2013, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

2.1. No será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo disposto, non se teña presentada a xustificación correspondente.

2.2. A entidade beneficiaria deberá solicitar o pagamento anticipado, acompañando a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII, e a apertura dunha conta bancaria co título "Fondos para atender ao proxecto de fortalecemento das capacidades técnicas e organizativas dos servizos de cardioloxía e de cirurxía pediátrica do Hospital

Ignace Deen, de Conakry (República de Guinea)", con cargo ao que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade disposta.

3. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII.

4. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial se desenvolverán durante o período 1.01.2013 e o 31.08.2014, tal e como se recolle na cláusula primeira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES, contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación

dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos intereses de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións dispostas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei se imporá no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.01.2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o **30.11.2014**.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do **30.09.2014**, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31.10.2014**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando sustancialmente el obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do 25 de abril do 2014.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña En representación da Fundación Tierra
de Hombres España

D. Diego Calvo Pouso

D. Raúl Besada Vázquez”

12.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN TERRA DE HOMES PARA FINANCIAR O PROXECTO “VIAXE CARA Á VIDA 2014”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 07 de abril de 2014.

2.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posteriormente ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio presupostario.

3.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN TIERRA DE HOMBRES ESPAÑA

4.- A achega provincial disposta neste convenio ascende a un total de 8.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio á partida orzamentaria 0520/232B/481 do vixente presuposto documento contable RC núm. de operación 220140007010.

5.- Facultar ao Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN TIERRA DE HOMBRES ESPAÑA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “VIAXE CARA A VIDA 2014”

A Coruña, de de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Raúl Besada Vázquez, DNI núm. 32.438.922-K, que intervén neste acto en nome e representación da “Fundación Tierra de Hombres España”, CIF G-80956733, con domicilio social na Rúa Os Canteiros 1, CP 15176 Nós – Oleiros (A Coruña), na súa calidade de delegado para Galicia.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A “Fundación Tierra de Hombres España” (a beneficiaria, en adiante), CIF G80956733, é unha organización non governamental de desenvolvemento constituída no ano 1994 ao amparo da Lei 50/2002, de fundacións, que forma parte do *Movemento Internacional Terre des Hommes*, creado en Lausanne (Suíza) en 1960. É membro asociado da *Federación Internacional Terre des hommes (FITDH)*, a segunda agrupación de ONGD de atención á infancia e Organismo Consultivo do *Consello Económico e Social de Nacións Unidas*, de UNICEF e do Consello de Europa.

O proxecto “*Viaxe cara a Vida*” enmárcase nun “Programa de Atencións Médicas Especializadas” que promove a beneficiaria, consistente na mellora dos recursos sanitarios propios dos países do sur, co obxectivo de que os seus centros sanitarios poidan atender as necesidades da poboación, e cando isto non é posible, particularmente porque a enfermidade afecta aos máis pequenos e precisase unha tecnoloxía inexistente no seu país de orixe, é cando se pon en funcionamento o proxecto “*Viaxe cara a Vida*”.

A Deputación da Coruña, que xa colaborou en edicións anteriores deste proxecto, intervén no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, no eido da cooperación internacional ao desenvolvemento, disposta na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de

cooperación ao desenvolvemento, que configuran ás entidades locais, xunto con outras institucións, como principais actores nesta materia.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo do .../...../2014, a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da entidade "Fundación Tierra de Hombres España", por importe de 8.000,00 euros, para o financiamento do proxecto "Viaxe cara a Vida 2014".

Dado o interese coincidente da Deputación e Fundación Tierra de Hombres España, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto "Viaxe cara a Vida" desenvólvese a nivel nacional, a través dunha rede de colaboradores tanto no terreo, onde se seleccionan os casos máis necesitados, como nos países do norte, onde a través de convenios con centros sanitarios e con familias de acollida, se trasladan aos enfermos, se lles facilita a atención médica especializada que precisen e, unha vez recuperados, se devolven aos seus lugares de orixe e se entregan ás súas familias.

II. ORZAMENTO

O orzamento de execución ascende a **10.000,00 €**, que se resume nas seguintes partidas:

CONCEPTO DE GASTO	IMPORTE
Gastos do persoal coordinador do programa en Galicia	8.100,00
Comunicacións (correo, mensaxería e teléfono)	900,00
Material sensibilización (revista, folletos, web, etc.)	700,00
Seguros de voluntarios e nenos beneficiarios	300,00
TOTAL	10.000,00

Os citados importes constitúen a parte proporcional dos gastos de execución do proxecto en canto aos beneficiarios que sexan atendidos en centros sanitarios de Galicia.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 8.000,00 euros, o que equivale a un 80,00 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/232B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade,

sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

1.1. Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A esta memoria se acompañará unha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

1.2 . Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.3 . Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.4□ □ . Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.6□ □ . Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

1.7□ □ . Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial se desenvolverán durante o período 1.01.2014 e o 31.12.2014, tal e como se recolle na cláusula primeira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES, contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos intereses de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións dispostas nas normas citadas na Base 56.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei se imporá no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.01.2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.06.2015.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.04.2015, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2015. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando sustancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do de do 2014.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Deputación da Coruña

En representación da Fundación Tierra de
Hombres España

D. Diego Calvo Pouso

D. Raúl Besada Vázquez”

13.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO “ACORE II” NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE “LEONARDO DA VINCI- MOBILIDADE 2007-2013”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 28 de marzo de 2014.

2.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posteriormente ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio presupostarao.

3.- Condicionar os pagos derivados deste convenio a que o Concello da Coruña estea ao corrente nas súas obrigas coa Deputación da Coruña

4.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DA CORUÑA

5.- A achega provincial disposta neste convenio ascende a un total de 15.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 9,3432 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio á partida orzamentaria 0520/323A/46201 do vixente presuposto documento contable RC núm. de operación 220140005270.

6.- Facultar ao Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “ACORE II”, NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE “LEONARDO DA VINCI-MOBILIDADE” 2007-2013

A Coruña, de do dous mil

REUNIDOS

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña
Doutra, D. Carlos Negreira Souto, alcalde do Concello da Coruña.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

O Programa Leonardo da Vinci foi creado pola Unión Europea para promover un espazo europeo en materia de educación e formación profesional. O seu obxectivo esencial é mellorar a calidade da formación profesional de modo que axude a preparar aos novos traballadores fronte aos cambios tecnolóxicos e industriais e mellorar as posibilidades de emprego.

O Programa Leonardo da Vinci ofrécelles aos estudantes e titulados universitarios recentemente a posibilidade de realizar prácticas en organismos e empresas doutros países europeos, que lles acheguen cualificacións profesionais complementarias, co fin de mellorar as oportunidades de acceso ao mundo laboral. Ao mesmo tempo, pretende ofrecer aos organismos e empresas de acollida unha experiencia transnacional e un apoio á innovación a través da transferencia de tecnoloxía mediante a mobilidade dos recursos humanos.

Na convocatoria realizada no 2013 pola Axencia Española Leonardo da Vinci (Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos - OAPEE), no marco do “Programa de Aprendizaxe Permanente – Leonardo da Vinci – Mobilidade”, o Concello da Coruña participou presentando o proxecto “ACORE II”, no que esta Deputación manifestou a súa vontade de participar como entidade socia, para o caso de que fora aprobado, cunha achega de 15.000 € para colaborar no seu financiamento.

O citado proxecto foi finalmente aprobado pola Axencia Española Leonardo da Vinci, polo que procede agora a sinatura do correspondente convenio administrativo co Concello da Coruña no que se formalice a participación da Deputación da Coruña.

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do convenio é a formalización da participación da Deputación Provincial da Coruña, como entidade socia, na execución do proxecto “**Bolsas Europa FP-**

Proxecto ACORE II", promovido polo Concello da Coruña no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente 2007 – 2013.

O proxecto prevé a concesión de 30 bolsas, de 6 meses de duración, a realizar no ano 2014, nos seguintes países: Austria (10), Italia (10) e Reino Unido (10), dirixidas aos alumnos titulados como técnicos superiores nos seguintes ciclos formativos que se imparten nos institutos de ensino secundario e centros integrados de formación profesional públicos do Concello da Coruña:

- Hostalaría e Turismo (C.S. Axencia de viaxes e Xestión de eventos, C.S. Guía, información e asistencia turística, C.S. Dirección de Cociña, C.S. Dirección de Servizos en restauración)
- Comercio e marketing (C.S. Comercio Internacional, C.S. Xestión comercial e marketing)
- Administración e xestión (C.S. Administración e Finanzas, C.S. Secretariado)

As bolsas inclúen un período de preparación/formación lingüística, cultural e profesional de 70 horas, durante o mes anterior ás saídas aos países de destino.

A convocatoria das bolsas será realizada en xaneiro e xuño do 2014 e as resolucións de concesión se realizarán en febreiro e xullo de 2014.

A Deputación participará na súa execución mediante:

- Asesoramento técnico nas distintas etapas do proxecto
- Apoio nas estratexias de difusión
- Asistencia na definición do calendario de traballo
- Apoio no contacto cos organismos intermediarios do proxecto
- Asistencia na elaboración e entrega da documentación aos participantes
- Cofinanciamento do proxecto cunha achega de 15.000,00 €.

II. ORZAMENTO DO PROXECTO

O orzamento do proxecto ascende a 160.544,10 €, cuxas partidas e financiadores se detallan no seguinte cadro de financiamento:

CONCEPTO DE GASTO	FINANCIADOR			TOTAL (€)
	OAPEE	DEPUTACIÓN	CONC.CORUN A	
Xestión do proxecto	26.144,10	0,00	0,00	26.144,10
Preparación lingüística e cultural dos participantes	9.000,00	0,00	0,00	9.000,00
Estancias (aloxamento, manutención, transportes e organización en destino) e viaxe	96.885,80	15.000,00	12.164,20	124.050,00
Seguros e difusión	0,00	0,00	1.350,00	1.350,00
TOTAL (€)	132.029,90	15.000,00	13.514,20	160.544,10

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 15.000,00 euros, o que equivale a un 9,3432 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 9,3432 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo á subvención do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos – OAPEE e aos recursos propios do Concello da Coruña, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/323A/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Unha vez asinado o convenio aboarase un primeiro prazo, por importe do 50 % do importe da achega provincial, despois da presentación por parte do Concello da Coruña dunha copia compulsada da primeira resolución de adxudicación das becas aos participantes.
2. O 50 % restante da achega aboarase despois da xustificación da execución total do proxecto, mediante a presentación da seguinte documentación:
 - Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - Copia compulsada da segunda e posteriores resolucións de adxudicación das becas aos participantes, se as houbera.
 - Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
 - Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, o Concello da Coruña deberá acreditar que está ao día nas súas obrigas tributarias e sociais, así como coa Deputación Provincial (este último extremo farase de oficio).

4. A achega da Deputación non excederá do coeficiente de financiamento aprobado (9,6041 %) nin do límite máximo establecido de 15.000 €. Asemade, a suma das achegas obtidas polo Concello da Coruña para o financiamento do proxecto non poderá exceder os gastos xustificadas, en cuxo caso, a achega da Deputación se reduciría proporcionalmente.

5. O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. Se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagos que procedan, o Concello da Coruña deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida ou autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, e segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da

xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web “www.dicoruna.es”.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. Considerando que a primeira convocatoria do proxecto “ACORE II” se realiza en xaneiro do 2014, o convenio terá efectos dende o 1.01.2014, e estenderá a súa vixencia ate o 31.10.2015.

2. Previa solicitude da ENTIDADE BENEFICIARIA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDIÇÃO COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por núm. de data de do 201.....

E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio por cuadruplicado na data que se indica na cabeceira.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE DO CONCELLO DA CORUÑA

Diego Calvo Pouso

Carlos Negreira Souto

14.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN TESOUROS DE GALICIA PARA FINANCIAR O COFINANCIAMENTO DO “PROGRAMA DE BOLSAS TESOUROS DE GALICIA 2014”.

INTERVENCÍONS

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. No pasado Pleno do mes de marzo o Grupo Socialista presentou unha moción para solicitarlle á Deputación que desenvolvese un Plan de promoción turística, cultural e socioeducativa do camiño inglés que contemplase aspectos relixiosos, culturais e turísticos, realizado coa cooperación dos concellos, isto foi o que solicitamos na moción e respondéusenos que non se podía aceptar por parte do Grupo de Goberno a moción porque estaba previsto asinar un convenio coa Asociación Tesouros de Galicia para desenvolver este proxecto.

Vemos que o convenio que se nos propón hoxe a súa aprobación non cumpre a finalidade que nós demandabamos, porque con este convenio o que estamos facendo é financiar un programa de bolsas de prácticas que se levarán a cabo no marco das actividades de promoción do Camiño de Santiago na variante do camiño inglés. Con este proxecto o que financiamos é dez bolsas para dez bolseiros dunha duración de tres meses, de mil euros cada unha ao mes, e o salario do coordinador, de 1.850 euros durante tres meses, pero non responde aos requisitos que nosoutros formulamos, porque ao final o que se vai pedir é que presenten unha memoria das actuacións que desenvolveron.

E por outra parte existen tamén reparos, e hai que excepcionar este reparo dicindo que eximimos da concorrencia, publicidade, e non discriminación, cando entendemos que esta actividade é unha actividade típica que se pode sacar mediante un prego de condicións para facer esta actividade. Polo tanto, entendemos que non cumpre o que nós pediamos para o desenvolvemento do programa do Camiño Inglés, e o noso voto vai ser de abstención.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, a nós parécenos que o feito de que non cumpra na súa totalidade a petición que fixeron noutro Pleno, que non é óbice para opoñerse a este tipo de convenios que neste caso eu creo que volven incidir na promoción do que é o Camiño de Santiago, cuestión que vostedes solicitaban nese Pleno. No caso de non apoiar esta iniciativa o que estamos é deixando a colaboración ou punto de partida desta Deputación en cero, o cal eu creo que vai totalmente en contra da súa propia postura e do que mantiveron de favorecer o que é todo o relativo ao Camiño de Santiago, neste caso tamén a variante do

Camiño inglés. Isto supón un avance, isto supón unha achega do que é a Deputación, non só ao camiño, senón a todo o que significa a través de alumnos das universidades de Coruña e Santiago, especialistas en turismo e medio natural, o que é planificación de recorrido, etapas, visitas, contidos, tramos que percorren o territorio, en definitiva é un mellor coñecemento de todo o que é o Camiño Inglés, unha mellor promoción do que é ese Camiño Inglés, e unha mellor posta a disposición de todos aqueles que o queiran percorrer, dun coñecemento e sensibilización que van ter por parte, precisamente, destes especialistas en turismo.

Polo tanto, nós si o vamos apoiar porque é un paso máis na promoción do camiño, e a nós chámanos a atención que vostedes que pretendían precisamente iso, queiran que sigamos en cero, e non dando este paso que nos parece importante, paso no camiño. Grazas, Sr. Presidente.

Sr. Fernández Moreda

Nós pretendíamos outra cousa diferente da que vostedes nos ofrecen, pretendíamos facer un plan, este non é un plan, isto é financiar dez bolseiros, e o que teñen que facer para xustificar o seu traballo é presentar, para cobrar o 50% presentar copia-informe descritiva das actividades realizadas, e copias compulsadas dos convenios da Universidade para a selección dos bolseiros, e logo cobrarían outro 50% coa presentación dunha memoria de actuacións e unha relación de gastos, e isto non é o que pretendíamos nosoutros nin é por potenciar nin promocionar o Camiño Inglés. Por outra parte, a Asociación Tesouros de Galicia constituíuse no ano 2012, nós propoñiamos tamén na moción que fixésemos este proxecto en colaboración coa Asociación de Amigos do Camiño de Santiago, que é unha entidade con moitos anos e cunhas actividades xa coñecidas por todos. Eu mirei na web deste Tesouros de Galicia as actividades que fixera, e non fixera ningunha ata o de agora, ou polo menos alí non se relaciona, e desde logo, se se quere facer un proxecto para potenciar o Camiño de Santiago, entón que se faga un prego, e que se faga un concurso e que se adxudique e que haxa concorrência, competitividade, se trate a todos por igual. Por estas razóns entendemos, non votamos que non, porque ben, algo positivo terá, pero non é o que nós queríamos, e o noso voto é de abstención.

Sr. Presidente

Moi ben, pasamos a votar, pero a min non me quedou claro, non é para outra intervención, Sr. Moreda, ao final o problema de que se trata, de que se había un reparo ou o beneficiario, porque o beneficiario é unha Asociación sen ánimo de lucro que é o socio español da National Trusts que supoño que vostede coñecerá, e por iso interésanos colaborar con eles porque, efectivamente, isto non é un plan, é un primeiro paso dentro dunha serie de medidas que se irán dar, entón para colaborar coa National Trust estamos intentando achegarnos, achegar posturas, colaborar e unha boa maneira de empezar a colaboración é contar co socio deles, que é unha entidade constituída, como vostede dixo no ano 2012, sen ánimo de lucro, pero socio da National Trusts que é un referente internacional na conservación do patrimonio e no número de socios que ten, máis de 4,5 millóns de socios só no Reino Unido e son o que máis patrimonio ten no Reino Unido despois da familia real, polo tanto, unha entidade contrastada.

É igual, non pasa nada, e eu agradézolle as súas recomendacións, pero simplemente para dicirlle que efectivamente non é un plan, é un primeiro paso doutros que virán ao longo dos próximos meses, como tamén colaboraremos con Tesouros de Galicia posto que ten acadado unha doazón por parte da fundación de Inditex para plantar árbores ao longo de todo o Camiño Inglés, e pediunos colaboración para poñer en contacto a todos os concellos polos cales discorre o camiño inglés, nós participaremos, loxicamente, axudaremos nas labores de coordinación, non supón ningún gasto para a Deputación, non hai achega económica, nin asinaremos un convenio para iso, pero estamos colaborando con eles dentro dunha serie de actividades que fan eles, e que nós tamén faremos. Unha serie de actividades fanas con achega e financiamento exclusivamente doutros lugares, e nós participamos sen poñer absolutamente nada de financiamento, e neste caso parecíanos oportuno levar a cabo este convenio. É unha información a maiores.

VOTACIÓN

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de marzo de 2014.

2.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e ASOCIACIÓN TESOUROS DE GALICIA

3.- A achega provincial disposta neste convenio ascende a un total de 28.320,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio á partida orzamentaria 0510/432A/481 documento contable RC núm. de operación 220140007686

4.- Facultar ao Sr. presidente da Corporación para a sinatura do convenio

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A “ASOCIACIÓN TESOUROS DE GALICIA” PARA O COFINANCIAMENTO DO “PROGRAMA DE BOLSAS TESOUROS DE GALICIA 2014”

A Coruña, de de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, CIF P1500000C, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Javier Rodríguez-Losada Boedo, DNI 32.782.552-P, presidente da Asociación Tesouros de Galicia, con CIF G-94065000, domicilio na Praza de Fundadores s/n, en Mondariz Balneario, CP 36.890 Pontevedra.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A Asociación Tesouros de Galicia, membro da “Internacional National Trusts Organization”, é unha entidade de natureza asociativa sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Central de Asociacións correspondente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Xunta de Galicia, co número 2012/016439, da sección 1, que ten por obxecto promover, fomentar e soste iniciativas relacionadas coa recuperación do Patrimonio de Galicia, na súa vertente material e inmaterial, dirixidas á posta en valor do Patrimonio como elemento dinamizador do turismo e economía de Galicia.

Para o cumprimento dos seus fins, Tesouros de Galicia desenvolve calquera actividade que contribúa á consecución dos fins fundacionais, por si mesma ou coa axuda ou colaboración de entidades ou institucións públicas ou privadas.

A provincia da Coruña conta cun importante patrimonio, material e inmaterial. Con todo, o seu descoñecemento na propia provincia e fóra dela é bastante significativo, minguando o seu indubidable potencial turístico. Con tal motivo, Tesouros de Galicia está a desenvolver un proxecto de promoción do Camiño de Santiago, na variante denominada “Camiño Inglés”, orientado á valorización do patrimonio galego e á procura de novas rutas de comercialización, especialmente no mercado británico.

Tendo en conta que tanto a Deputación como a Asociación Tesouros de Galicia están de acordo no desenvolvemento deste proxecto de posta en valor do patrimonio cultural e industrial da provincia da Coruña, por afectar a intereses comúns, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Tesouros de Galicia, para o cofinanciamento dun programa de bolsas de prácticas que a citada entidade levará a cabo, no marco das actividades de promoción do Camiño de Santiago, na variante do “Camiño Inglés”, consistentes en:

- Planificación do percorrido involucrando ás entidades locais afectadas
- Planificación das distintas etapas, visitas, contidos, etc.

- Promoción dos tramos que percorran territorio británico
- Promoción e sensibilización da poboación a través de iniciativas educativas e de voluntariado

A Asociación Tesouros de Galicia, como promotora da iniciativa e nexo entre organizacións, asumirá toda a planificación e loxística, facilitando a participación de todas as institucións públicas e privadas implicadas, incluíndo os centros docentes universitarios nos que se cursen estudos que poidan estar relacionados coa promoción do “Camiño Inglés”.

Neste sentido, e mediante os oportunos convenios de colaboración coas Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela, a Asociación Tesouros de Galicia seleccionará ata 10 bolseiros/as, distribuídos nas especialidades afectadas (turismo, medio ambiente, comunicación, calidade, historia, etc.), que realizarán o seu labor baixo a supervisión do coordinador das actividades.

A Deputación da Coruña participará no Comité de selección dos bolseiros a través dun representante, adscrito á Área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente.

As persoas seleccionadas serán bolseiras da Asociación Tesouros de Galicia, nomeadas por esta entidade por un período inicial de tres meses. Porén, a duración inicial poderá ampliarse se as actividades dos bolseiros se levan a cabo a tempo parcial, sen que ningún caso as actividades parciais poidan estenderse por máis de seis meses.

A dotación económica das bolsas será de 1.000,00 € mensuais, por todos os conceptos, incluídas as cotizacións sociais, ao amparo do Real decreto 1943/2011, do 24 de outubro, que regula os termos e condicións da inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, que desenvolve a DA 3ª da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

O produto final deste proxecto se materializará nunha memoria, que facilitará o posterior aproveitamento dos contidos por parte da Deputación Provincial da Coruña, que deberán estruturarse da seguinte forma:

- a) Traballos e estudos realizados polos bolseiros:
 - Índice (clasificado por roteiros ou por tipo de contidos)
 - Detalle dos traballos
- b) Descrición de cada unha das actividades realizadas.
- c) Identificación do enderezo da web na que os contidos do programa queden a disposición dos pelegríns, veciños e público en xeral, nos diferentes idiomas.
- d) Reporte do nivel de repercusión mediática do programa (xa nos medios tradicionais ou nas redes sociais ou internet).
- e) Valoración individual de cada un dos bolseiros participantes, por parte da organización. As valoracións serán feitas polo coordinador do programa, xunto co presidente de Tesouros de Galicia.
- f) Valoración global e externa do proxecto. Recolleranse as valoracións das entidades públicas e privadas participantes nas actividades desenvolvidas, e incorporarán suxestións ou comentarios na procura de oportunidades de mellora en novas edicións.

De xeito especial, incluírase un apartado no que se detalle o nivel de coordinación coa administración a todos os niveis; local, provincial e autonómica. Polo contido e obxecto da presente edición, describirase a estreita relación coa Axencia de Turismo / Xacobeo, na medida que os Camiños de Santiago é un ben patrimonial ao que a Administración Autonómica dedica especial interese.

A propiedade final deste produto será da Deputación Provincial da Coruña, sen detrimento do aproveitamento que Tesouros de Galicia faga del, dentro do obxectivo común de promover o Camiño Inglés.

II. ORZAMENTO

O orzamento de execución ascende a un equivalente de **35.400,00 €**, que se detalla do seguinte xeito:

CONCEPTO	CUSTO MENSUAL	TOTAL
10 Bolsas de 3 meses de duración	1.000,00 €	30.000,00 €
1 Coordinador durante 3 meses	1.800,00 €	5.400,00 €
TOTAL		35.400,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de **28.320,00 €**, o que equivale a un 80 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, será financiado con cargo a recursos propios ou alleos da Asociación Tesouros de Galicia, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/432A/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria en dous prazos:

1.1. **Primeiro prazo**, por importe do 50 % da achega concedida, unha vez executado o 50 % do orzamento subvencionado, despois da presentación da seguinte documentación:

1.1.1. Copias compulsadas dos convenios coas universidades da Coruña e Santiago de Compostela para a selección dos bolseiros, actas de comité de selección e resolucións ou acordos de nomeamento

1.1.2. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os nomes dos bolseiros, o seu NIF, documentos xustificativos, período e importes aboados, cotizacións sociais e datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das nóminas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.2.3 . Certificación da aprobación dos documentos xustificativos polo órgano competente.

1.2.4 . Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.2. **Segundo prazo**, polo importe restante, unha vez que a beneficiaria xustifique a execución final do obxecto do convenio, mediante a presentación de:

1.2.1. Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, estruturada de acordo do establecido na cláusula I ao respecto do produto final.

1.2 .2. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os nomes dos bolseiros, o seu NIF, documentos xustificativos, período e importes aboados, cotizacións sociais e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das nóminas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.2.3 . Certificación da aprobación dos documentos xustificativos polo órgano competente.

1.2.4□ □ . Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.2.5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.2.6□ □ . Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

1.2.7□ □ . Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial se desenvolverán durante o período 1.04.2014 e o 31.10.2014, tal e como se recolle na cláusula I.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES, contado a partir da finalización daquelas.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poda corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia

bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos intereses de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións dispostas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei se imporá no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.04.2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 31.12.2014.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.11.2014, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.12.2014. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando sustancialmente el obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do de de 2014.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da Asociación Tesouros de Galicia

D. Diego Calvo Pouso

D. Javier Rodríguez-Losada Boedo”

15.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB TRIATLÓN DE FERROL PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO (FURGONETA) PARA A SÚA POSTERIOR CESIÓN Á ENTIDADE.

INTERVENCÍONS

Sr. Requeira Varela

Nós imos votar en contra deste convenio, é máis, entendemos seguramente que ao club Tríatlón de Ferrol faille falta este vehículo como a moitos outros clubs da provincia, polo tanto, ímonos abster, pero imos solicitar que, en caso de que este tipo de infraestrutura non se considere material deportivo, ou non se poida incluír na liña ordinaria de subvencións a clubs deportivos, polo menos que se abra unha liña de subvencións onde todas as entidades deportivas da provincia que necesiten este tipo de infraestrutura, que seguramente son a maioría, poidan acceder a tela, polo tanto, vaia por diante que non estamos en desacordo con que se conceda este vehículo, pero o que nos gustaría é que houbera posibilidade para todas as entidades da provincia.

Sr. Fernández Moreda

Nosoutros imos absternos tamén neste punto porque hai cousas que suscitan a reflexión, primeira, cando un concello quere ter unha subvención nominativa do cen por cento ten que inundar á Deputación con informes de Intervención, informes do secretario, informes de Asesoría Xurídica, de que cumpre, de que non ten remanente ou de que ten remanente, que non sei que e non sei que máis, e aquí, a unha asociación deportiva con cento tres socios dáselle o cen por cento. Eu creo que deberíamos de reflexionar sobre este tema, por que lles poñemos trabas aos concellos e non poñemos ningunha traba a unha entidade privada? Punto primeiro, o segundo punto é o interese público disto. Ata o de agora a Deputación sempre subvencionou, e imos seguir apoiándoo e imos velo no punto 21, sempre subvencionou a adquisición de vehículos mediante convenios nominativos para entidades públicas ou entidades cun carácter social, para axudar ás entidades públicas a desenvolver as súas competencias ou a esas entidades con carácter social

para que coaduxen na prestación dun servizo esencial para os cidadáns, pero nunca se dera unha subvención para adquirir un vehículo a unha entidade deportiva.

Punto terceiro, esta entidade pediu subvencións no ano 2012 e no ano 2013 e a Comisión de Valoración valorou a esta entidade, e non foi a máis valorada, houbo outras moito mellor valoradas, por que a esta si e a outras non? E cuarto, tamén ten reparos, o problema é que estamos metendo ao Pleno nun compromiso porque o Pleno ten que dicir, eu imaxino que se esta Deputación se dá, e non o critico, se dá porque alguén lla pediu a vostede, e a forma de darlla é traela aquí, pero ten reparos, e ten que ser este Pleno o que se implique dicindo que o eximimos do cumprimento da concorrència, da publicidade e da non discriminación porque apreciamos o interese público nesta subvención, e a min dáme un certo reparo o dicir que eu aprecio ou Grupo Socialista aprecia un interese público nesta subvención, non aprecio ningún, viralle moi ben a esta entidade dispoñer dun coche, bárbaro, pero interese público ningún. Polo tanto non imos votar que non, imos abstermos, pero queremos facer estas reflexións.

Sr. Presidente

Imos pasar á votación, de todos os xeitos, como hai moitos puntos nos que, efectivamente, existen eses reparos que levanta o Pleno, eu adiántolle que esta semana recibín algún alcalde do seu Grupo que veu pedir unha subvención nominativa, supoño que vostede saberá e supoño que nos puntos nos que van eses reparos que hoxe, cos concellos doutros Grupos que non é o do Goberno, hai moitos, vostede terá o mesmo posicionamento, supoño que neses casos tampouco votará e absterase, non se preocupe porque o Grupo de Goberno garante que vaian saír adiante. Entón, -non, non hai réplica, Sr. Moreda-, para a súa maior comodidade, e para a tranquilidade dos seus deputados, maniféstolle que o Grupo de Goberno votará a favor desas subvencións nominativas, e vostede aplicando o mesmo criterio que aplica nestes casos, claro, non se pode aplicar un criterio cando interesa e cando non interesa, non, entón eu para a tranquilidade dos seus deputados, que estean tranquilos que os convenios que van hoxe, de Mesía, de Ares, de Cerceda, van saír adiante aínda que o Grupo Socialista vote abstención.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (9 do POSE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrència, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no

outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 4 de abril de 2014.

2.- APROBAR o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e o CLUB TRIATLON DE FERROL para financiar a adquisición dun vehículo (Furgoneta) e a súa posterior cesión á entidade cunha achega provincial de 28.500 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/341A/624.01, que representa un coeficiente de financiamento do 100 % sobre un orzamento de 28.500 euros.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E CLUB TRIATLON DE FERROL PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO (FURGONETA)

A Coruña, _____ de _____ de dous mil trece, na sede municipal

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña e,

Doutra parte, D José Antonio Formoso Pita presidente do Club Tríatlon de Ferrol

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

MANIFESTAN

Por acordo plenario do 31 de maio de 2013 (MC 2/2013), acordouse unha subvención nominativa por importe de 28.500,00 € ao CLUB TRIATLON DE FERROL para financiar a ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO (FURGONETA)

Por todo o exposto consideran necesario formalizar un convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CLUB TRIATLON DE FERROL, con CIF V 70087192 para a adquisición dun VEHÍCULO (FURGONETA), que será doado pola Deputación Provincial da Coruña ao CLUB TRIATLON DE FERROL

SEGUNDA.- A Deputación adquirirá conforme os trámites dispostos na normativa reguladora da contratación do sector público, un vehículo con destino ao Club Tríatlon de Ferrol

TERCEIRA.- O importe máximo para a dita adquisición non excederá de 28.500,00 euros, que serán achegados na súa totalidade pola Deputación Provincial da Coruña con cargo á aplicación orzamentaria **0112/341A/62401**

CUARTA.- A Deputación doará gratuitamente un vehículo ao Club Tríatlon de Ferrol

QUINTA.- O vehículo será rotulado co logotipo da Deputación da Coruña e do Club Tríatlon de Ferrol en lugar visible

SEXTA.- O Club Tríatlon de Ferrol correrá cos gastos de uso, mantemento e reparacións.

SÉTIMA.- O vehículo destinarase a fins propios do Club Tríatlon de Ferrol e a fins sociais estando a disposición nas probas deportivas organizadas polo Concello de Ferrol e dos centros escolares en marchas ciclistas ou distintas actividades relacionadas co deporte e a seguridade viaria. En caso contrario reverterá automaticamente na Deputación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario número _____ con data do _____

Así o din, asinan e outorgan en exemplar cuadruplicado no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DO CLUB TRIATLÓN

Diego Calvo Pouso

D. José Antonio Formoso Pita

3.- Condicionar a formalización do convenio á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 1/2014 dentro do cal figura incluído o presente convenio.”

16.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CAMBIO DE OBXECTO DO CONVENIO SUBSCRITO CO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE FORNO DA LUCHA PARA PASAR A FINANCIAR AS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO FORNO DA COSTA.

INTERVENCÍONS

Sr. Presidente

Ten a palabra o Sr. Moreda para falar deste punto, imaxino.

Sr. Fernández Moreda

Para falar, Sr. Presidente.

Sr. Presidente

Non, non, para falar non, aquí fálase de cada punto, senón hai rogos e preguntas.

Sr. Fernández Moreda

Imos votar que si a este punto, e ten reparos, como imos votar e votamos outros puntos que teñen reparos, porque distinguimos perfectamente. Aquí se nos pide que nosoutros apreciemos que existen circunstancias que permiten eximir a unha subvención nominativa de cumprir requisitos que son esixibles lexitimamente e legalmente, e nosoutros entendemos que nuns casos, e é unha opinión subxectiva, por suposto, entendemos que nuns casos si hai capacidade, e si hai unha posibilidade de aceptar isto, e noutros casos non. Entendemos que no caso este, como noutros máis, como no das ambulancias da Cruz Vermella si podemos excepcionalo, e hai un interese público, entón, cal é o interese público neste punto?, pois estamos axudando a un concello a recuperar unha actividade tradicional, estamos axudando a un concello a poñer en marcha un Museo Etnográfico, hai razóns de interese público que nos permiten excepcionalar, pero non hai razóns de interese público que nos permiten excepcionalar na adquisición dun vehículo para o Club de Tríatlon de Ferrol.

Polo tanto, non meta vostede en contradicións a este Grupo cando ten as cousas moi claras. Ha subvencións que entendemos que son lóxicas e razoables e estamos dispostos a excepcionalas e levantar o reparo, tal e como se nos propón, e hai outras subvencións que entendemos que non, que non son lóxicas nin razoables e que poden ir perfectamente acudindo á convocatoria xeral de subvencións. Polo tanto, Sr. Presidente, está perfectamente explicado desde o punto de vista do Grupo Socialista porqué imos votar que si a unhas subvencións nominativas, e porqué nos abtemos ou podemos votar que non a outras subvencións nominativas, porque está perfectamente explicado.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 11 de abril de 2014.

2.- APROBAR a modificación do obxecto do CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, con CIF: P1504400A, para financiar a Adquisición de Forno da Lucha, para pasar a financiar as obras de Rehabilitación do Forno da Costa cunha achega de 59.122,80 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 74,64999% sobre un orzamento subvencionable de 79.200,01 euros), que poderá aboarse con cargo á aplicación 0112/334B/76201.

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA FINANCIAR A OBRA DE REHABILITACION DO “FORNO DA COSTA”

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Eduardo José Parga Veiga, alcalde-presidente do Concello de Malpica de Bergantiños.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Que o Concello de Malpica de Bergantiños en escrito de data 08.11.2011, solicita ante a imposibilidade de adquirir o predio “Forno da Lucha”, modificar a finalidade do convenio número 400/2010 suscrito para financiar a citada adquisición, para a **rehabilitación do FORNO DA COSTA**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Malpica de Bergantiños ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños con CIF P1504400A, para o financiamento da obra de “rehabilitación do “forno da costa””, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Don José Antonio Martínez Lema, (ARQUITECTO), colexiado/a N° 2523

2- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa

manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M:	55.003,82
GASTOS XERAIS	7.150,50
BENEFICIO INDUSTRIAL	3.300,23
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	13.745,46
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	79.200,01

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 59.122,80 euros, o que representa unha porcentaxe de 74,64999%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) creditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,64999 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/334B/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
- 3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- i. Certificación do acordo de adjudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- i. Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación

- i. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- i. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- ii. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- i. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- ii. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- iii. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- iv. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- v. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- vi. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- vii. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura, e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro do ano 2014**.

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegará coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ de data _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O PROVINCIAL DA CORUÑA	ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS
--	--

DIEGO CALVO POUSO

Eduardo José Parga Veiga

3.- Condicionar a formalización do convenio á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 1/2014 dentro do cal figura incluído o presente convenio.”

17.- APROBACIÓN DOS ANEXOS AOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NOS PLANS PROVINCIAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS PARA ADAPTALOS Á LEXISLACIÓN VIXENTE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar os anexos aos seguintes Pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares:

*** ANEXO V AO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE**

CRITERIOS DE VALORACION) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

*** ANEXO IV AO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACION : FACTOR PREZO) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS**

*** ANEXO V AO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS**

ANEXO V AO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

De conformidade co establecido no art. 146.4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público na súa redacción dada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización a documentación a que se refire o art. 146.1 do TRLCSP, a presentar no Sobre A: Subtitulado “Documentación” disposta na cláusula 12 deste Prego, poderá ser substituído por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos

De conformidade co establecido na Disposición adicional trixésimo terceira do TRLCSP na súa redacción dada pola Lei 11/2013 do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, procede complementar a cláusula 31.4.1 nos seguintes termos:

“O contratista terá a obrigaón de presentar a factura que expedirán os servizos prestados ou bens entregados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a súa tramitación.

Datos que deberá conter a factura correspondente:

- 1.- Identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública - _____(datos que cubrirá a Administración contratante)
- 2.- Identificación do órgano de contratación: - _____(datos que cubrirá a Administración contratante)
- 3.- Destinatario: - _____ (datos que cubrirá a Administración contratante)”

De conformidade co art. 216 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público

na súa redacción dada pola Lei 11/2013 do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, a cláusula 30 quedará redactada do seguinte modo:

“30) Dereitos do adxudicatario.

30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute conforme ás cláusulas do presente prego e de conformidade co programa de traballo disposto para cada anualidade e de conformidade co art. 216 TRLCSP na súa redacción dada pola disposición final sétima da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, a administración terá a obrigaón de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4.

A execución da obra por importe superior ao disposto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no Orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

30.2 Se a administración se demorase, deberá aboarlle ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos dispostos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para o pagamento de xuros, o contratista deberá de cumprir a obrigaón de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, o pagamento de xuros non se iniciará ata transcorridos trinta días desde a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a administración aprobe a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente aboamento

No caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a súa existencia, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación corrixida.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentou no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata

que se corrixa os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no Rexistro Xeral.

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, deberallo comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos no art. **216.5 TR.LCSP**

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da administración fose superior a seis meses. (art. 216.6 na súa redacción dada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización)

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo **218 do TR.LCSP** e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego”.

ANEXO IV AO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN: FACTOR PREZO) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

De conformidade co establecido no art. 146.4 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público na súa redacción dada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización a documentación a que se refire o art. 146.1 do TRLCSP, a presentar no sobre A: Subtitulado “Documentación” disposta na cláusula 12 deste prego, poderá ser substituído por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos

De conformidade co establecido na Disposición adicional trixésimo terceira do TRLCSP na súa redacción dada pola Lei 11/2013 do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, procede complementar a cláusula 31.4.1 nos seguintes termos:

“O contratista terá a obrigaón de presentar a factura que expedirán os servizos prestados ou bens entregados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a súa tramitación.

Datos que deberá conter a factura correspondente:

- 1.- Identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública - _____ (*datos que cubrirá a administración contratante*)
- 2.- Identificación do órgano de contratación: - _____ (*datos a cubrir pola Administración contratante*)

3.- Destinatario: - _____ (datos que cubrirá a administración contratante)”

De conformidade co art. 216 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público na súa redacción dada pola Lei 11/2013 do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, a cláusula 30 quedará redactada do seguinte modo:

“30) Dereitos do adxudicatario.

30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute conforme ás cláusulas do presente prego e de conformidade co programa de traballo disposto para cada anualidade e de conformidade co art. 216 TRLCSP na súa redacción dada pola disposición final sétima da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, a administración terá a obrigaón de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4.

A execución da obra por importe superior ao disposto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no Orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

30.2 Se a administración se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos dispostos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para o pagamento de xuros, o contratista deberá de cumprir a obrigaón de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, o pagamento de xuros non se iniciará ata transcorridos trinta días desde a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a administración aprobe a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente aboamento

No caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e

por escrito a existencia deste, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación corrixida.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentou no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no Rexistro Xeral.

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos no art. **216.5 TR.LCSP**

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da administración fose superior a seis meses. (art. 216.6 na súa redacción dada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización)

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo **218 do TR.LCSP** e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego”.

ANEXO V AO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

De conformidade co establecido no art. 146.4 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público na súa redacción dada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización a documentación á que se refire o art. 146.1 do TRLCSP, a presentar no sobre A: subtítulo “Documentación” disposta na cláusula 12 deste prego, poderá ser substituído por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos

De conformidade co establecido na Disposición adicional trixésimo terceira do TRLCSP na súa redacción dada pola Lei 11/2013 do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, procede complementar a cláusula 31.4.1 nos seguintes termos:

“O contratista terá a obrigaón de presentar a factura que expedirán os servizos prestados ou bens entregados ante o correspondente rexistro administrativo

para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a súa tramitación.

Datos que deberá conter a factura correspondente:

- 1.- Identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública - _____ (datos que cubrirá a administración contratante)
- 2.- Identificación do órgano de contratación: - _____ (datos que cubrirá a administración contratante)
- 3.- Destinatario: - _____ (datos que cubrirá a administración contratante)”

De conformidade co art. 216 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público na súa redacción dada pola Lei 11/2013 do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, a cláusula 30 quedará redactada do seguinte modo:

“30) Dereitos do adxudicatario.

30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute conforme ás cláusulas do presente prego e de conformidade co programa de traballo disposto para cada anualidade e de conformidade co art. 216 TRLCSP na súa redacción dada pola disposición final sétima da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, a administración terá a obrigaón de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4.

A execución da obra por importe superior ao disposto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

30.2 Se a administración se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos dispostos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para o pagamento de xuros, o contratista deberá de cumprir a obrigaón de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, o pagamento de xuros non se iniciará ata transcorridos trinta días desde a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobe a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente aboamento.

No caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a existencia do mesmo, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se corrixa os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación corrixida.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentou no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se corrixa os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no Rexistro Xeral.

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, deberá comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos no art. **216.5 TR.LCSP**

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da administración fose superior a seis meses. (art. 216.6 na súa redacción dada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización)

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo **218 do TR.LCSP** e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego”.

2º.- Publicar o contido dos citados anexos na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.”

18.-APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DO LOCAL NO EDIFICIO A MILAGROSA E DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO Á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“**1.-** Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica do local obxecto de cesión de uso situado no antigo Colexio da Milagrosa propiedade desta Deputación, situado na Avda. de Cádiz, 5. 15008 A Coruña, cualificado no inventario

de bens como dominio público e servizo público para que mediante a súa desafectación quede cualificado como ben patrimonial e como trámite previo á iniciación do expediente de cesión de uso á Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

2.- Expor o citado expediente a información pública durante o prazo dun mes, contado desde a publicación no BOP.

Transcorrido o prazo de exposición pública será sometido á aprobación definitiva polo Pleno da Corporación.

3.- Aprobar inicialmente o expediente de cesión de uso e simultanear a exposición pública do expediente de desafectación, coa exposición pública do expediente de cesión mediante un anuncio que se publicará no BOP durante o prazo indicado no apartado 2.

As condicións de cesión son as que se concretan no convenio que tamén é obxecto de aprobación, condicionado á aprobación definitiva do expediente de desafectación.

Unha vez transcorrido o prazo de exposición pública será sometido á aprobación definitiva polo Pleno da Corporación e previa aprobación definitiva do expediente de desafectación.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA A CESIÓN DE USO DE LOCAIS NO COLEXIO A MILAGROSA.

A Coruña,de....de dous mil catorce, na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña e,

Doutra parte, Don Anxo Antón Queiruga Vila con DNI: 76778938Q, presidente da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) con CIF: G32115941

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

E X P O Ñ E N

1º.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como finalidade coordinar e promover a

defensa dos intereses das persoas con discapacidade, co fin de conseguir a máxima atención social á problemática que representan.

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, co número F-011786. Así mesmo, en virtude da Orde INT/1769/2004, do 17 de maio, a citada entidade foi declarada de utilidade pública (BOE Nº 142, do 12 de xuño de 2004), no 2007 modificada a inscrición no rexistro de entidades acción voluntaria de Galicia, co número O – 16 e en decembro de 2010 inscrita no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de inscrición E-0154.

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), ten como fins (artigo 7 dos Estatutos):

- 1.- Procurar unha sociedade onde o grupo social das persoas con discapacidades poidan gozar dos seus dereitos en condición de igualdade real co máis absoluto respecto á súa dignidade e diversidade.
- 2.- Defensa do dereito a unha forma de vida e a unha contorna social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con discapacidade.
- 3.- A defensa dos dereitos e liberdades das persoas con discapacidade severa ou de gran dependencia, así como a promoción da súa integración e participación activa na sociedade.
- 4.- Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con capacidade.
- 5.- Crear as condicións para que as entidades membro poidan cumprir adecuadamente a misión.
- 6.- Promover actitudes sociais positivas cara á persoa con discapacidade.
- 7.- Promover a lexislación adecuada que mellore a situación do colectivo.
- 8.- Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo integrado na Confederación con criterios de solidariedade.
- 9.- Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade.
- 10.- Representar aos seus membros no ámbito autonómico, estatal e internacional.
- 11.- Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan alcanzar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
- 12.- Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller con discapacidade, loitando pola súa igualdade de oportunidades na esfera social.
- 13.- Desenvolver programas e actividades, dentro da súa propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da infancia e da mocidade.
- 14.- Desenvolver programas e actividades, dentro da súa propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención das persoas maiores.
- 15.- Desenvolver programas e actividades, dentro da súa propia discapacidade, dirixidos especificamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.
- 16.- Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.

17.- Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.

18.- Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de pracer orientadas ás persoas con discapacidade.

19.- A cooperación internacional e o desenvolvemento, así como a loita contra a pobreza no ámbito da discapacidade a escala internacional.

20.- Calquera outro que, de forma directa ou indirecta, poida contribuír ao cumprimento da misión da Confederación ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade.

2º.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o cumprimento da misión e dos fins poderá:

a) Organizar os servizos necesarios de investigación, estudo, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos e seminarios sobre diversos aspectos da discapacidade.

b) Promover, facilitar ou utilizar todos os medios lícitos de información, formación e difusión para dar a coñecer os problemas das persoas con discapacidade e a súa contorna.

c) Incorporarse a confederacións, asociacións, entidades e organismos de carácter autonómico, estatal ou internacional que poidan ser de utilidade para conseguir os fins da Confederación.

d) Establecer un sistema coherente na estruturación do movemento asociativo.

e) Promover o voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos seus fins.

f) Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permita o sostemento económico do movemento asociativo.

g) A integración, creación e promoción de centros educativos, ocupacionais profesionais; vivendas tuteladas e de protección oficial ou calquera outro centro, do cal a súa tipoloxía sexa autorizada por lei; na que primen a inserción socio-laboral das persoas con discapacidade conforme a lexislación vixente.

h) A promoción de centros laborais incluídos os Centros Especiais de Emprego; participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con discapacidade, en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade de deberes e dereitos cos demais traballadores, conforme a lexislación vixente en todos os casos, priorizando:

a) Os Centros especiais de Emprego dos que a titularidade maioritariamente pertencen a unha Asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan integramente nos propios traballadores discapacitados e/ou no labor social da devandita asociación.

b) Os Centros Especiais de Emprego que adopten a forma xurídica de Cooperativas ou Sociedades Laborais, a condición de que os beneficios repercutan integramente nos propios traballadores do Centro

ou nunha asociación sen ánimo de lucro pertencente ao movemento asociativo.

i) Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.

3º.- A Deputación reconece a importancia dos citados fins para os intereses provinciais e considera oportuno contribuír á súa consecución mediante a cesión de uso de locais do antigo Colexio A Milagrosa.

Por todo o exposto, acordan formalizar un convenio de colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA .- OBXECTO

A Deputación Provincial da Coruña autoriza a cesión de uso do local cunha superficie de 557,42 m2 que se detalla no plano que se acompaña como anexo, no antigo Colexio A Milagrosa para situar unha oficina do Servizo de Orientación Laboral, un centro de día para persoas con discapacidade da comarca, así como para o desenvolvemento de actividades relacionadas con persoas con discapacidade, con carácter gratuíto.

SEGUNDA .- OBRIGACIÓNS DO CESIONARIO

1.- Os espazos cuxos usos se autorizan utilizaranse pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) exclusivamente para os fins indicados. Para estes efectos, comunicárase coa suficiente antelación á Sección de servizos Sociais da Deputación o programa de desenvolvemento dos cursos e demais actividades que se realicen.

2.- En todos os actos que celebre a Confederación Galega de persoas con discapacidade ou que se realicen no local cuxa cesión de uso autorízase, farase constar a colaboración de ambas as dúas institucións.

3.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) remitirá ao Servizo de Patrimonio, con carácter anual, unha breve memoria das actividades realizadas nos locais cedidos.

4.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), deberá dotarse dos medios persoais e materiais máis adecuados para cumprir cos fins da cesión de uso, e cumprir a normativa laboral e de prevención de riscos laborais e demais disposicións de aplicación.

5.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), comprométese a manter adecuadamente os espazos que utilice, non podendo realizar obras sen a autorización da Deputación.

6.- En tanto estea vixente a autorización de uso dos locais, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica e aqueles outros que deriven do uso dos locais

correrán a cargo da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) e no seu caso instalar ou adaptar os correspondentes contadores individuais.

7.- O Servizo de Patrimonio, por si ou a través doutros servizos Técnicos da Deputación (Servizos Sociais, Arquitectura e Mantemento, etc.) poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos e o cumprimento dos fins do presente convenio.

8.- A Deputación, en calquera momento e en función das necesidades para fins provinciais, poderá deixar sen efecto a autorización de cesión de uso cun aviso previo de seis meses sen dereito a indemnización ningunha.

9.- A propiedade dos locais en cuestión seguirá sendo en todo momento desta Deputación provincial, sen que en ningunha forma a presente cesión de uso sexa causa habilitadora da adquisición da propiedade a favor da devandita entidade.

TERCEIRA.- PRAZO DE CESIÓN DE USO

O prazo de cesión de uso dos bens será de cinco anos como máximo, contados desde a sinatura do convenio, prorrogables expresamente por outros cinco anos. No entanto, a Deputación en calquera momento e en función das súas necesidades poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun aviso previo de seis meses e sen que por ese motivo teña dereito a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) a ningunha indemnización, debendo devolver os bens en perfecto estado de conservación.

Este convenio fornecerá os seus efectos desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata que transcorra o prazo de cesión de uso a que se refire a presente cláusula, ou ben ata que a Deputación deixe sen efecto a autorización de cesión de uso.

CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver as cuestións litixiosas que en aplicación do presente convenio se susciten entre as partes.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión celebrada o dede dous mil catorce.

E en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan o presente convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA,

Diego Calvo Pouso

O PRESIDENTE DA
CONFEDERACIÓN GALEGA DE
PERSOAS CON DISCAPACIDADE
(COGAMI),
Anxo Queiruga Vila”

19.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ÓPERA NO ANO 2013: LXI FESTIVAL DA ÓPERA DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Aprobar a modificación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACION DE AMIGOS DE LA ÓPERA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DE PROMOCION DA ÓPERA NO ANO 2013: LXI FESTIVAL DE ÓPERA DA CORUÑA aprobado mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 13 de setembro de 2013, cunha achega de 52.000 que supón un coeficiente de financiamento do 14,774% para un orzamento subvencionable de 351.980 euros

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación dos Amigos da Ópera para financiar *Actividades de promoción da ópera no ano 2013: LXI Festival de Ópera da Coruña.*

A Coruña, a

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, e
Dña. Natalia Lamas Vázquez, presidenta da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

EXPOÑEN

- 1.- Que, o día 1 de febreiro de 1989, e, ao abeiro do disposto na Lei de asociacións 191/64, aprobáronse os estatutos vixentes da Asociación dos "Amigos da Ópera da Coruña", asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.
- 2.- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.
- 3.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio do LXI Festival de Ópera que se celebrará na cidade da Coruña, neste ano e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.
- 4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña. (CIF: G15037930) para financiar ***Actividades de promoción da ópera no ano 2013: LXI Festival de Ópera da Coruña***, coa seguinte programación:

Óperas.-

* *Lucia di Lamermoor*, de Gaetano Donizetti: 10 e 12 de setembro

Concertos.-

* *As novas voces galegas*": 20 de setembro

* *Concerto Lírico. Homenaxe a Giuseppe Verdi no seu bicentenario*: 21 de setembro

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña

A Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Salarios persoal administración 11.980.-

Producións 200.000.-

Cachés artistas 107.000.-

Viaxes e aloxamentos 18.000.-

Promoción e publicidade 10.000.-

Dereitos de autor 5.000.-

Total 351.980.- €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **52.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 14,774 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 14,774 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/335A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización do *LXI Festival de Ópera da Coruña*, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades incluídas no *LXI Festival de Ópera da Coruña*.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro

prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicatoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Previa solicitude da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DIPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA	A PRESIDENTA DA ASOCIACION
Diego Calvo Pouso	Natalia Lamas Vázquez

20.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA (NÚM. 79/2013) PARA FINANCIAR AS OBRAS DE REPARACIÓN E TAPAR AS FOCHAS DE CAMIÑOS NO CONCELLO (CAMIÑO O VILAR E OUTROS) PARA PASAR A FINANCIAR A REPARACIÓN E TAPAR AS FOCHAS DE CAMIÑOS NO CONCELLO (CAMIÑO DA SILVA A PISTA DE RODÍS E OUTROS).

INTERVENCÍONS

Sr. Presidente

Tapar fochas no Concello de Cerceda o Grupo Popular considera que é relevante, aínda que podía estar no POS, considera que é relevante e comunicollo.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de abril de 2014.

2.- APROBAR a modificación do obxecto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA (núm. 79/2013) para financiar as obras de REPARACION E BACHEO DE CAMIÑOS NO CONCELLO (Camiño O Vilar e Outros) e substituílo por REPARACION E tapar as fochas dos CAMIÑOS NO CONCELLO (Camiño da Silva-á Pista de Rodís e Outros) cunha achega provincial de 40.000 euros con cargo á partida 0112/454A/762.01 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 80,00% sobre un orzamento subvencionable de 50.000,00 euros

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE REPARACION E TAPAR AS FOCHAS DE CAMIÑOS NO CONCELLO (CAMIÑO DA SILVA A PISTA RODIS E OUTROS)_ MODIFICA O CONVENIO 79/2013 DE FINANCIACIÓN DA OBRA DE REPARACION E TAPAR AS FOCHAS DE CAMIÑOS NO CONCELLO (CAMIÑO AO VILAR E OUTROS)

A Coruña, __de ____ de 2014 na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. alcalde-presidente do Concello de CERCEDA, D. José García Liñares

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de CERCEDA ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de CERCEDA con CIF P1502400C para o financiamento da obra de **REPARACION E TAPAR AS FOCHAS DE CAMIÑOS NO CONCELLO (CAMIÑO DA SILVA A PISTA RODIS E OUTROS)**_ tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por JULIO C. ROJO MARTÍNEZ

2- O Concello de CERCEDA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de CERCEDA, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:_____	34.724,63 euros
Gastos xerais 13,00%_____	4.514,20 euros
Beneficio Industrial 6,00 %_____	2.083,48 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO_____	8.677,69 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA_____	50.000 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **40.000 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00%**.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/454A/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao Concello de CERCEDA de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de CERCEDA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de CERCEDA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de CERCEDA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de CERCEDA estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de CERCEDA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):
- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
 - **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
 - Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
 - **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de CERCEDA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
 - Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**
3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de CERCEDA** na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de CERCEDA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.
4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de CERCEDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento

ao Concello de CERCEDA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de CERCEDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de CERCEDA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de CERCEDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de CERCEDA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello de CERCEDA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de CERCEDA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de CONTRATACIÓN da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2014**.

2. Para o caso de que o Concello de CERCEDA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio

quedarán definitivamente extinguido, de xeito que o concello de CERCEDA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de CONTRATACIÓN, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de CERCEDA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faíse constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CERCEDA

DIEGO CALVO POUSO

JOSE GARCIA LIÑARES

3.- **CONDICIONAR** a formalización do convenio de colaboración, á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 1/2014 dentro do cal figura incluído o presente convenio.

4.- **MODIFICAR** os apuntamentos contables correspondentes ao convenio REPARACION E TAPAR AS FOCHAS DE CAMIÑOS NO CONCELLO _ Camiño O Vilar e Outros: AD nº de operación 220130011073 por importe de 40.000, 00 € e o RC núm. 220130003035 correspondentes ao orzamento 2013 e que esta incluído no expediente de modificación de créditos MC1/2014, de maneira que se recolla o novo obxecto do convenio REPARACION E TAPAR AS FOCHAS DE CAMIÑOS NO CONCELLO (Camiño da Silva-á Pista de Rodís e Outros).”

21.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA FINANCIAR

A ADQUISICIÓN DE DÚAS AMBULANCIAS CON DESTINO Á CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA OFICINAS LOCAIS DE FERROL E A CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Apreciar así mesmo a existencia de circunstancias excepcionais que concorren na entidade subvencionada que xustifican unha achega provincial do 100% dos gastos a subvencionar. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de abril de 2014.

1º.- APROBAR o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e a CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA FINANCIAR A ADQUISICION DE DÚAS AMBULANCIAS CON DESTINO Á CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA OFICINAS LOCAIS DE FERROL E A CORUÑA cunha achega provincial de 120.000 euros (60.000 euros/ambulancia) con cargo á aplicación orzamentaria 0620/312A/62401 que representa un coeficiente de financiamento do 100 % sobre un orzamento total de 120.000 euros.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN E CESIÓN DE DÚAS AMBULANCIAS CON DESTINO Á CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (Oficina Local de Ferrol e Oficina local da Coruña)

A Coruña, 2014

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación provincial da Coruña.

Doutra parte, D , presidente.... da Cruz Vermella Española

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Cruz Vermella Española ten entre os seus fins a atención ás persoas e colectivos que sofren previndo e atenuando a dor humana e a prevención e reparación de danos orixinados por accidentes, catástrofes, calamidades públicas, conflitos sociais, enfermidades, epidemias e outros riscos ou sinistros colectivos e sucesos similares, así como a protección e socorro dos afectados por estes, participando nas actuacións necesarias na forma establecida nas leis e nos Plans Nacionais ou Territoriais correspondentes.

SEGUNDO.- A Deputación reconece o importante labor que realiza a Cruz Vermella Española en todas as súas actuacións, e especialmente co servizo de ambulancias que fai posible salvar moitas vidas humanas, e por iso, considérase necesario formalizar un convenio de colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Deputación adquirirá conforme os trámites dispostos na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais, dúas ambulancias con destino á Cruz Vermella Española, (Oficina Local de Ferrol e Oficina local da Coruña)

SEGUNDA.- O importe máximo para a dita adquisición non excederá de 120.000 € (aproximadamente uns 60.000 € por ambulancia) que serán achegados na súa totalidade pola Deputación Provincial da Coruña con cargo á aplicación orzamentaria 0620/312A/62401

TERCEIRA.- A Deputación cederá gratuitamente as citadas ambulancias á Cruz Vermella Española, (Oficina Local de Ferrol e Oficina local da Coruña)

CUARTA.- Nas devanditas ambulancias figurarán rotuladas as palabras "Ambulancia", "Cruz Vermella Española" e lateralmente "Cedida pola Deputación Provincial da Coruña.

QUINTA.- A Cruz Vermella Española (Oficina Local de Ferrol e Oficina local da Coruña), correrá cos gastos de uso, mantemento, reparacións e seguros.

SEXTA.- As ambulancias destinaranse exclusivamente a fins propias da Cruz Vermella Española (Oficina Local de Ferrol e Oficina local da Coruña) durante toda a vida útil dos vehículos . En caso contrario reverterán automaticamente na Deputación.

SETIMA.- O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2014

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data de dous mil catorce.

Así o din, asinan e outorgan en exemplar cuadruplicado no lugar e data fixados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O PRESIDENTE DA CRUZ VERMELLA
ESPAÑOLA

Diego Calvo Pouso

2º.- Condicionar a formalización do convenio indicado á incorporación do remanente de 2013 ao orzamento de 2014.”

22.-MODIFICACIÓN RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO E CADRO DE PERSOAL DE 2014.

INTERVENCIONES

Sr. Requeira Varela

Nós imos votar en contra deste punto, cremos que como se desprende do informe de Intervención, é unha medida que non se xustifica suficientemente e tamén

consideramos que aquí, é curioso, non, tres dos catro sindicatos que teñen representación nesta administración, que representan os traballadores e traballadoras desta administración, tres dos catro están en contra desta medida. Nós o que cremos é que se están amortizando prazas na administración, é dicir, precarizando a propia administración, e temos como consecuencia menos postos de traballo, menos postos na administración, pero os que quedan son máis caros e son máis elitistas, son postos de maior relevancia e dentro de pouco imos ter que contratar empresas para facer fotocopias e facer os traballos que hai que facer ordinariamente nos departamentos desta administración.

Tamén consideramos que a RPT e os diferentes puntos que teñen que ver coa RPT desta administración, están máis feito á medida de certas persoas, persoas singulares, que das necesidades da propia administración. Polo tanto, é curioso que mentres por Decreto-lei do goberno do PP do Estado, obrígase á conxelación salarial de todos os traballadores e traballadoras ao servizo das administracións públicas, a través da vía dos complementos nesta administración esteamos constantemente subindo salarios a certas persoas, non nos parece razoable, polo tanto imos votar en contra como fixemos noutras ocasións.

Sr. Fernández Moreda

É coñecida a nosa posición sobre a política de persoal que vén desenvolvendo o Goberno provincial nesta Deputación. Sempre pedimos que o que houbese que facer en materia de persoal se fixese por consenso, unha reforma administrativa é algo que ten que ter un carácter de permanencia no tempo e non é razoable que se aborde desde a imposición dos votos porque o que se tece hoxe cunha maioría, pódese destecer mañá con outra maioría, e isto non é bo nin é razoable para o funcionamento da administración.

Comezaron vostedes cunha reforma administrativa para conseguir unha administración máis áxil, máis rápida e máis eficaz ao servizo dos cidadáns, e conseguiron unha reforma que é innecesaria, feita con arbitrariedade, e unha administración máis lenta, máis cara, cortando as lexítimas aspiracións de moitos funcionarios, cando non marxinándoos directamente, e con enfado xeral da inmensa maioría dos funcionarios desta casa.

Fan vostedes unha reforma administrativa no momento en que se están discutindo as novas funcións e competencias das deputacións, cando o lóxico, desde o noso punto de vista, sería agardar a que estas se definisen e adaptar despois a estrutura administrativa ás novas funcións e responsabilidades da Deputación. Créanse direccións de área sen que exista ningún estudo ou informe que avale a súa necesidade, co único fin de traer, por libre designación, a funcionarios afíns doutras administracións, para poñelos ao fronte do aparato administrativo da Deputación. Configúranse prazas con determinados niveis retributivos que se configuran á alza meses despois sen que se variaran as súas funcións, competencias ou responsabilidades, simplemente porque si. Modifícase a RPT catro veces no último ano, o que pon de manifesto a improvisación coa que se está abordando o tema de persoal.

Todo isto é máis caro, non é só non é máis áxil, máis rápido, máis eficaz a administración, senón que é máis cara e máis lenta, e hoxe o persoal custa máis do que custaba hai tres anos se comparamos magnitudes homoxéneas como hai que comparalas, todo iso cunha dubidosa legalidade pois saben vostedes que non se pode incrementar a masa salarial, nin as retribucións do persoal, e aquí fixéronse as dúas cousas, xusto o contrario do que di a lei.

Hoxe tráesenos esta reforma que foi votada ou rexeitada por Comisións, por UXT e pola CIG e limitareime a ler algúns parágrafos do informe que acompaña á proposta:

“En canto os límites aos incrementos retributivos e o aumento do cadro de persoal, establecido con carácter xeral pola Lei presupostaria, dos presupostos xerais do Estado, para o 2014, di: no ano 2014 as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar ningún incremento respecto ás vixentes ao trinta e un de decembro de dous mil trece, en termos de homoxeneidade, para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como a súa antigüidade. Con respecto a tal límite, se ben é certo que non se produce un incremento da suma agregada de todos os gastos de persoal, ou masa salarial, posto que os aumentos de gasto polo incremento das retribucións de determinados postos, son compensadas con amortización de postos de traballo vacantes, a nivel individual, algúns postos de traballo aumentan as súas retribucións brutas para o ano 2014, con respecto ao exercicio 2013. Estes aumentos implican que en termos de homoxeneidade e en número de efectivos en cada un deses exercicios, non se respecte o límite xeral establecido pola citada Lei de presupostos, que resulta de obrigada aplicación, como é coñecido en todas as administracións públicas, é dicir, incúmprese a lei. Segundo, as modificacións do complemento específico de determinados postos de traballo, a ausencia da necesaria motivación, é dicir, modifícanse complementos específicos de determinados postos de traballo sen ningún tipo de motivación, nin xustificación. A reorganización administrativa no contexto da obrigada racionalización e contención de todo o gasto público, e en particular da limitación ao incremento dos gastos de persoal ao servizo do sector público, o Pleno da Corporación ten que apreciar, cando decida sobre esta modificación se esta contribúe a mellorar a situación económica e a conseguir os obxectivos da política económica”, nin contribúe a mellorar, nin contribúe a conseguir os obxectivos de política económica.

E finalizo a intervención dicindo que subscribimos ao cen por cento o parágrafo do documento que presenta o sindicato UXT cando di “á vista disto obsérvase que o obxectivo das políticas de recursos humanos que esta Corporación provincial aplica na Deputación da Coruña, máis que a mellora da prestación dos servizos públicos supoñen un reparto de dádivas para algúns, e un desprezo para o resto dos traballadores que integran o cadro de persoal desta administración”.

Por estas razóns, Sr. Presidente, o voto do Grupo Socialista vai ser negativo neste punto número 22 do actual Pleno.

Sr. de Santiago Boullón

Bos días, moitas grazas, Sr. Presidente. Cando se fala de informes de Intervención, eu penso que hai que falar de todo e non da parte que a un lle convén porque se falaba hai un momento do informe de Intervención, e neste mesmo informe se recoñece que nesta proposta que hoxe se trae a Pleno polo Grupo de Goberno, non hai un incremento da suma dos gastos de persoal, non aumenta a masa salarial, compénsanse estas modificacións de crédito coa amortización de postos de traballo que estaban vacantes, é máis, neste mesmo informe de Intervención recoñécese que o Goberno provincial ten a potestade de autoorganización, e é o que está facendo, e é o que estamos facendo nestes últimos tempos. Dende hai un tempo hai unha profunda reorganización desta institución, e que loxicamente leva algúns flocos que pouco a pouco se van corrixindo e un deles é este do que falamos hoxe.

Tamén é certo que a propia Lei de orzamentos xerais do Estado do ano 2104, autoriza ás adecuacións, e leo textualmente “adequacións retributivas que con carácter singular e excepcional resultan imprescindibles polo contido dos postos de traballo”, e isto é o que hoxe se leva aquí. Por unha parte modifícanse os complementos específicos de dúas prazas que aínda están sen cubrir, son dúas prazas que non teñen nome, e que son un enxeñeiro superior de obras públicas e un enxeñeiro técnico, as funcións?, pois as mesmas que están definidas dende hai anos no Servizo de Arquitectura e Mantemento, e ás mesmas funcións debe corresponder, por suposto, unha mesma retribución, e é o que se está tentando facer aquí, un enxeñeiro superior de obras públicas é equivalente a un enxeñeiro de camiños, canles e portos, e un enxeñeiro técnico de obras públicas, é un enxeñeiro técnico de camiños, canles e portos, e iso é o que se está levando hoxe aquí.

Fálase de que hai máis gastos, pois non é así, hai un aforro, un aforro que aproximadamente é de 1.400 euros, co cal esta modificación é incluso máis económica para a Deputación.

Por outra parte, hai unhas pequenas modificacións nos complementos de anticipos de caixa fixa debidos á variación nos postos de traballo, e a outra decisión que hoxe se trae a este Pleno corrobora a decisión que se tomou no seu momento por este Goberno provincial de dividir o Servizo de Patrimonio e Contratación polo alto volume de traballo que este servizo tiña, e desde o propio Servizo de Contratación propoñen a creación dunha xefatura de Sección, por que?, é un traballo moi especializado, é un traballo que require máis técnicos e menos administrativos, por este motivo créase esta xefatura de Sección e amortízase a praza de administrativo que neste momento non fai falta. Este Servizo está inmerso tamén nunha profunda reestruturación, unha gran carga de traballo, e estamos deseñando xa, levando, tramitando o que é o deseño dunha central de compras que vai esixir un gran volume de traballo especializado. Moitas grazas.

Sr. Requeira Varela

A min gustaríame simplemente recordar unha cousa. Vostede fala de que nós facemos lecturas nesgadas dos informes e que só poñemos en relevancia o que nos interesa, vostede tamén, e o informe di claramente que non se xustifica o suficiente estes cambios, pero é máis, eu insístolle nun tema, vostede di que se aforra, e eu

dígolle que temos unha administración cada vez máis cara, con postos de xefatura, cada día tráenos aquí uns poucos, ou levamos aprobados uns poucos, estamos facendo que as persoas que están ao servizo desta administración en postos de auxiliares, administrativos, bedeis, etc., etc. sufran as decisións políticas do seu propio partido a nivel de Estado, cos salarios conxelados, e en cambio vostedes aquí, a través da creación de xefaturas, están aumentando salarios a persoas moi concretas. Simplemente o que están facendo é amortizando postos, precarizando a administración, menos persoas traballando na administración, e pagándolle máis a unha elite dentro desta administración, e iso é o resumo concreto.

Sr. Fernández Moreda

Brevemente, porque non teño que engadir nada con respecto ao que dixen na primeira intervención, o certo é que a administración que se está facendo non é nin máis áxil, nin máis eficaz, nin máis dinámica, nin máis barata, é máis cara, estase incrementando a masa salarial, efectivamente, se se ten en conta a masa salarial e se compara, non hai incrementos, pero se comparamos en termos de homoxeneidade si hai incrementos, e incúmprese a lei porque no presuposto hai prazas que están dotadas, pero que non están cubertas, e ese diñeiro non se gasta, e o que temos que comparar é o que se gasta en persoal nun período e noutro período, non o que está previsto no presuposto. Polo tanto, a masa salarial increméntase, e increméntase tamén a nivel individual algúns postos de traballo, pero xa dixen varias veces neste Pleno, as cousas abórdanse de dúas maneiras, falando, consensuando, buscando as necesidades da Deputación, adaptando a estrutura administrativa aos novos requirimentos, porque os requirimentos que fixa a Lei de racionalidade e sostibilidade da administración local son importantes, cando fala de coordinar as competencias en concellos de menos de 20.000 habitantes, son moi importantes, e sería lóxico, para que tivese unha permanencia no tempo, falar, se somos persoas razoables, queremos o mellor para a Deputación, queremos que funcione da mellor forma posible, que os traballadores, os funcionarios, estean contentos e satisfeitos e queremos que esa reforma teña vixencia no tempo porque pode ser que se dentro de dous anos, ou un ano, hai uns resultados electorais que cambia o signo do Goberno, pode ser que todo isto que vostedes están facendo se desfaga despois, e que estamos facendo entón? Estamos facendo unha auténtica barbaridade, non custa nada sentarse e falar, e posiblemente nos puxeramos de acordo no noventa e oito por cento dos temas, posiblemente, pero optouse por outra cousa, e fanse as cousas aplicando unha maioría de deputados, pero esa maioría pode cambiar, e o que estamos facendo é dándolle un carácter temporal no tempo, curto, a algo que debería de ter unha permanencia moito máis longa porque depende a estabilidade funcional e o bo facer desta casa, pero en calquera caso, teñen vostedes a maioría necesaria para aprobar o que queiran, aínda que vaia en contra da lei.

Sr. Presidente

Moitas grazas, dúas anotacións. A min non me quedou claro se ao final cobran máis os funcionarios ou cobran menos cos cambios que se están a facer, porque por un lado criticase que estamos amolando, que estamos reducindo ou que están empeorando a situación de moitos empregados, e non é certo, non é certo porque en todos os cambios que fixo a Deputación non hai nin un só empregado desta casa que teña empeorado as súas condicións sociolaborais por mor das decisións deste Grupo

de goberno, ningún, e se é así, eu rétoo e desculpareime diante de quen sexa necesario nos seguintes Plenos. Polo tanto, as condicións non se reducen.

Mire vostede, fala da libre designación, Sr. Moreda, os xefes de servizo desta Deputación, a meirande parte deles son de libre designación, vostede gobernou aquí doce anos, pero cando vostede goberna a libre designación vale, cando goberna o PP a libre designación non vale, e os cambios, claro, cando un fala sendo presidente durante doce anos anteriores, debería falar con moito máis coidado, con moito máis coidado, non vaia ser que lembremos o que se fixo nalgunha xefatura de servizo, desdoblábase e tal, simplemente e unicamente para favorecer a determinadas persoas, si, si, non me faga vostede dicirle máis porque se vai poñer máis colorado. Polo tanto, debería de ser vostede un pouco máis coidadoso cando fala desta maneira.

E mire, amólame, a verdade, que vostede diga que aquí se reparten dádivas e faga seu o comentario dun sindicato, porque a primeira decisión importante que tomou este Grupo de goberno cando chegou á Deputación foi enfrontarse a algún problema que existía aquí, e que existía dende hai moito tempo, e que vostede en doce anos tampouco quixo enfrontarse a el nunca, e reformulamos o convenio cos recadadores para evitar que unha elite, unha elite Sr. Regueira, unha elite da Deputación, puidese cobrar preto de 150.000 euros ao ano, e ese acordo e ese traballo foi feito polo mesmo departamento de recursos humanos durante moito tempo chegando a acordos, por certo, non lles vin falar de ningunha elite nese momento, pero sobre todo quen tiña a presidencia da Deputación era o Sr. Moreda, e naqueles momentos o Sr. Moreda preferiu mirar para outros sitios e dedicarse a facer outras cousas, en vez de enfrontarse aos verdadeiros problemas que existían nesta casa, e eu estou seguro de que quen teña a presidencia no seguinte mandato, Sr. Moreda, cambiará moitas cousas, evidentemente, e espero que as mellore, e dentro desa mellora estou seguro que fará axustes tamén na RPT, os que considere convenientes, e o propio desenvolvemento do traballo do día a día, vaste dando conta de que, efectivamente, hai postos que hai que reaxustar, movelos ou cambialos, e iso é unha administración áxil. Por certo, os tres postos que se amortizan, son postos que ninguén pense, para aclaralo, para que non haxa ningún malentendido, que ninguén pense que se despide a alguén para amortizar ese posto e transformar, non, por favor, son postos que levan anos sen cubrir, levan anos sen cubrir, anos, a ver se nos entendemos, entón unha administración áxil que é?, pois lóxicamente se se comproba que hai algún posto de traballo no seu organigrama que durante anos non se cubriu, probablemente nos leve a pensar que ese posto de traballo non é necesario, porque leva anos sen cubrir, non por este Goberno, polo anterior tamén, se levamos tres ou catro anos sen cubrir un posto de traballo, igual nos leva a pensar que non é necesario, e é necesario outro posto de traballo noutro servizo ou noutra sección, claro que si, e iso é o que é unha administración áxil, o que non é áxil é que como na RPT temos un posto, ten que quedar aí porque algún día, nalgún ano, nalgunha función que levaba a cabo a Deputación foi necesario, e agora temos que deixalo aí, pois non, iso non o vai facer este Goberno, e cando veña o seguinte fará o que considere conveniente, e diso se trata, Sr. Moreda, diso se trata. Agradézolle as súas observacións, e ao voceiro do BNG, e agora pasamos a votar.... Non, xa van dúas quendas, Sr. Moreda, non, van dúas quendas, xa falaron vostedes, dúas quendas,...non, graves ningunha, graves ningunha, eu digo a verdade. Isto non é un debate da política de persoal, simplemente dígollo,.... Non, eu non acuso a ninguén,

os que acusan son os xuíces e os fiscais, desculpe, desculpe, é verdade que é unha moción, non me daba conta,..... seguro, seguro, seguro que si, que pena que en catorce anos non dera tempo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)
Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar as modificacións seguintes:

AREA DE ACCION TERRITORIAL

Servizo de Arquitectura e Mantemento:

Analizando os labores e o contido das funcións dos dous postos que se relacionan a continuación, resulta imprescindible que se lles asigne o complemento de “especial dedicación”, que retribúe a dedicación superior á normal e a dispoñibilidade que imposibilita aos ocupantes dos devanditos postos para o desenvolvemento doutro posto de traballo no sector público ou privado. As contías dos complementos específicos totais, relaciónanse tamén a continuación:

Enxeñeiro Superior en Obras Públicas (A1, nivel 24), complemento específico: 25.422,88 euros.

Enxeñeiro Técnico en Obras Públicas (A2, nivel 22), complemento específico: 23.418,49 euros.

AREA DE TESOURERIA E XESTIÓN DE TRIBUTOS

Servizo de Recadación:

Tendo en conta a Resolución da Presidencia nº 309, do 20 de xaneiro último pola que se realizan modificacións na asignación do factor de habilitación de anticipos por cambio de funcións:

Suprimir o factor de “Habilitación de anticipos de caixa fixa”, F9, do complemento específico do posto de Xefatura de Negociado de xestión recadatoria. Complemento específico: 9.444,96 euros.

Asignar o factor de “habilitación de anticipos de caixa fixa”, F9, ao complemento específico dun posto de administrativo de Administración Xeral. Complemento específico: 7.256,48 euros.

AREA DE SECRETARIA XERAL

Servizo de Contratación:

Tendo en conta a proposta da Xefatura de Servizo e a resolución da presidencia nº 5.194, do 31 de marzo último, sobre asignación de funcións de tramitación de anticipos de caixa fixa:

Suprimir o factor de “tramitación de anticipos de caixa fixa”, F8, do complemento específico de dous postos de administrativo de Administración Xeral. Complemento específico: 6.364,26 euros.

Asignar o factor de “tramitación de anticipos de caixa fixa”, F8, aos postos de : Xefatura de Negociado I e Xefatura de Negociado III. Complemento específico: 10.158,68 euros.

De conformidade coa proposta de reestruturación presentada pola xefatura de servizo, motivada pola gran carga de traballo especializado no servizo e os novos retos do Servizo, como a creación dunha Central de Contratación:

Amortizar un posto de administrativo de Administración Xeral (C1, nivel 19) e unha praza de administrativo de Administración Xeral.

Crear un posto de xefatura de Sección II (A1/A2, nivel 24) e unha praza de Técnico de Administración Xeral, e aprobar as funcións do devandito posto:

- Apoio á xefatura de Servizo
- Tramitación superior dos contratos de xestión de servizos públicos e contratos privados.
- Supervisión da tramitación de facturas.
- Tramitación superior de convenios.
- Rexistro de contratistas, rexistro de contratos e rexistro de convenios.
- Dirección e supervisión do persoal ao seu cargo.

Cambiar a denominación do posto de xefatura de Sección de Contratación pola de xefatura de Sección I.

AREA DE SERVIZOS PROVINCIAIS

Servizo de Patrimonio

Á vista do informe do xefe do Servizo, sobre tarefas de tramitación de anticipos do Pazo de Mariñán:

Asignar o factor de “Tramitación de anticipos de caixa fixa”, F8, a un posto de administrativo de Administración Xeral. Complemento específico: 7.077,98 euros.

Asignar o factor de "Tramitación de anticipos de caixa fixa", F8, a un posto de xefatura de Negociado de Patrimonio. Complemento específico: 10.158,68 euros.

AREA DE SERVIZOS PROVINCIAIS

Centro Residencial Cultural Pazo de Mariñán:

Amortización dunha praza e posto de axudante de cociña laboral (V.6)

Fogar Infantil Emilio Romay:

Amortización dunha praza e posto de auxiliar educador funcionario (C2, nivel 16)

- 1º. Aprobar como consecuencia do anterior as seguintes modificacións no cadro de persoal 2014:

PERSOAL FUNCIONARIO			
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL			
SUBESCALAS			
	Técnica	A1	25
	Administrativa	C1	171
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS			
PRAZAS DE LABORES ESPECIAIS			
	Auxiliar educador	C2	44
PERSOAL LABORAL			
	Axudante de cociña	V	1

- 2º. Aprobar as seguintes modificacións na relación de postos de traballo 2014:

PERSOAL FUNCIONARIO											C. ESPECÍFICO 2014
POSTO	NIVEL	GRUPO	DOT.	TP	F. PROV.	ADM.	ESC.	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERV.	
SECRETARÍA XERAL											
SERVIZO DE CONTRATACIÓN											
Xefatura de sección I	24	A1/A2	1	S	C		AX/AE	1/2/9		F9	15.042,44
Xefatura de sección II	24	A1/A2	1	S	C		AX/AE	1/2/9			14.150,22
Xefatura de negociado I	22	A2/C1	1	N	C		Ax/AE	2/3/9		F8	10.158,68
Xefatura de negociado III	22	A2/C1	1	N	C		AX/AE	2/3/9		F8	10.158,68
Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		AX	3		F8	7.077,98
Administrativo admón. xrl.	19	C1	7	N	C		AX	3			6.364,26
TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS											
SERVIZO CENTRAL DE RECADACIÓN											
Xefatura de negociado de xestión recadatoria	22	A2/C1	1	N	C		AX/AE	2/3/9			9.444,96
Administrativo admón. xrl.	19	C1	9	N	C		AX	3			6.364,26

Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		AX	3		F9	7.256,48
----------------------------	----	----	---	---	---	--	----	---	--	----	----------

ÁREA DE ACCIÓN TERRITORIAL

SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO

Enxeñeiro superior en obras públicas	24	A1	1	N	C	A3	AE		Enxeñeiro de obras públicas		Especial dedicación	25.422,88
Enxeñeiro técnico en obras públicas	22	A2	1	N	C	A3	AE		Enxeñeiro técnico obras públicas		Especial dedicación	23.418,99

ÁREA DE SERVIZOS PROVINCIAIS

SERVIZO DE PATRIMONIO

Xefatura de negociado de patrimonio	22	A2/C1	1	N	C		AX/AE	2/3/9		F8	10.158,68
Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		AXG	3		F8	7.077,98
Administrativo admón. xrl.	19	C1	1	N	C		Ax	3			6.364,26


FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

Auxiliar educador/a	16	C2	29	N	C		AE	4		F13-F14 (1 ocupado por celador/a)	10.147,34
PERSOAL LABORAL											
POSTO	NIVEL	GRUPO	DOT.	TP	F. PROV.	ADM.	ESC.	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERV.	C. ESPECÍFICO 2014


CENTRO RESIDENCIAL CULTURAL PAZO DE MARIÑÁN

Axudante/a cociña	13	E/AP	0	V.6	C			5		F13	9.063,60
-------------------	----	------	---	-----	---	--	--	---	--	-----	----------

3º. Aprobar as seguintes modificacións no organigrama:



CENTRO RESIDENCIAL CULTURAL PAZO DE MARIÑAN



HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY



PSICÓLOGO M ^a CARMEN GARRIDO FARIÑA INTERINADA A1	AUXILIAR EDUCADOR SARA MOSTEIRO REGUEIRO C2	AUXILIAR EDUCADOR ROSA MARIA MORAN ARGUELLO C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA RODRIGUEZ SUAREZ C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA TERESA BERMÚDEZ MIRAS C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA ROSAURA FERNANDEZ PEREZ C2	AUXILIAR EDUCADOR MARTA PEÑA FERNÁNDEZ INTERINADA C2	AUXILIAR EDUCADOR NOCTURNO MARIA ANTONIA FURELOS VAZQUEZ C2	OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS ARGENTINA ROSENDE PERNAS E
ADMINISTRATIVO ADMON. GENERAL SILVIA BARASOLA MUÑIZ C1	AUXILIAR EDUCADOR ANA RAMUDO FUNCASTA C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA JOSE LAGO DIAZ C2	AUXILIAR EDUCADOR ROSA MARIA TRILLO ARIAS C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA RAQUEL BARRAL LOPEZ C2	AUXILIAR EDUCADOR DOLORES ROJO SILVA C2	AUXILIAR EDUCADOR PATRICIA DE LA FUENTE MARTÍNEZ INTERINADA C2	AUXILIAR EDUCADOR NOCTURNO MANUELA M ^a GONZÁLEZ SÁNDE INTERINADA C2	OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS M ^a ISABEL QUINDIMIL PENAS INTERINADA E
TELEFONISTA MARIA SILVIA RAMUDO FUNCASTA E	AUXILIAR EDUCADOR BEATRIZ QUIÑÓY QUIÑÓY C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA CARMEN TEJUIERO LOPEZ C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA JESUS FERNANDEZ CAMAÑO C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA MILAGROS MARTINEZ MERINO C2	AUXILIAR EDUCADOR SOCORRO SOUTO PARDO INTERINADA C2	AUXILIAR EDUCADOR NOEMÍ PRADOS ASENDE INTERINADA C2	AUXILIAR EDUCADOR NOCTURNO M ^a ISABEL GARCÍA REY INTERINADA C2	OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS M ^a VICTORIA SÁNCHEZ SÁNCHEZ INTERINADA E
TELEFONISTA ESTRELLA BARREIRO COSTOYA E	AUXILIAR EDUCADOR ELENA TEJUIERO LOPEZ C2	AUXILIAR EDUCADOR ESTHER BUSTO GERPE C2	AUXILIAR EDUCADOR MARIA LOURDES GARCIA PIREIRO C2	AUXILIAR EDUCADOR BENEDICTA LOBO RODRIGUEZ C2	AUXILIAR EDUCADOR M ^a PILAR GONZÁLEZ RÁBADE INTERINADA C2	AUXILIAR EDUCADOR PAULA M ^a AGUIETE SUÁREZ INTERINADA C2	AUXILIAR EDUCADOR NOCTURNO TERESA SEGANE SÁNCHEZ INTERINADA C2	
COCINERO/A DOLORES SEGANE LEÓN C2	AUXILIAR EDUCADOR TERESA CADAHIA FERNANDEZ C2	CELADOR/A MARIA LUZ RAMUDO FUNCASTA E	AUXILIAR EDUCADOR ANA MARIA GUIMAREY ALVAREZ C2	AUXILIAR EDUCADOR OFELIA GÓMEZ CASABELLA C2	AUXILIAR EDUCADOR MARÍA DEL CARMEN PÉREZ LÓPEZ C2	AUXILIAR EDUCADOR RAQUEL AGRÁ CAAMAÑO INTERINADA C2		
COCINERO/A ENMA GARAVANTES GARCÍA JUBILACIÓN PARCIAL JULIA GRANDÍO VARELA IV.5	CELADOR/A DOLORES PAMPIN VARELA E	CELADOR/A JESUSA PAMPIN VARELA E	CELADOR/A MILAGROS MONTERO SOUTO E					
COCINERO/A PURIFICACION MONTERO CANEDA INTERINADA C2	CELADOR/A ROSA GARCÍA REY V.7	CELADOR/A PILAR SÁNCHEZ CABADO INTERINADA E	CELADOR/A MARIA MONTERO SOUTO E					
COCINERO/A M ^a CARMEN GESTOSO PAZO INTERINADA C2	CELADOR/A ÁNGEL JOSE YIGIL FILGUEIRA E	EDUCADOR-TUTOR LUCÍA FERNÁNDEZ DÍAZ INTERINADA C1	CELADOR/A M ^a LUISA PARDO GARCIA INTERINADA E					
AYUDANTE DE COCINA M ^a PILAR PRADO NAVERA INTERINADA E	EDUCADOR-TUTOR RAMÓN ALVAREZ SANTOS INTERINADA C1	EDUCADOR-TUTOR VACANTE C1	EDUCADOR-TUTOR M ^a TERESA RUOCO LIPPOLIS INTERINADA C1	CELADOR/A LAURA QUINTÁN GRANDÍO INTERINADA E				
EDUCADOR/A PAULA COUSILLAS PAMPIN INTERINADA C1	EDUCADOR/A NATALIA IGLESIAS VÁZQUEZ INTERINADA C1	EDUCADOR/A SONIA MARTÍNEZ CASAS INTERINADA C1	EDUCADOR/A VANESA SEGANE BRAVO C1	EDUCADOR/A M ^a BEGOÑA VARELA GARCIA INTERINADA C1				

23.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ACTUACIÓNS NO PATRIMONIO MUNICIPAL EN TINES E VIMIANZO”, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PLAN “DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS”. CÓDIGO 2012.3280.00123.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto técnico reformado da obra denominada “Actuacións no patrimonio municipal en Tines e Vimianzo” do Concello de Vimianzo, incluída na 2ª fase da anualidade 2012 do Plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, código 2012.3280.0123.0, que foi aprobada na sesión plenaria realizada o día 23 de novembro de 2012 e publicada no BOP número 227 de 28-11-2012, cun orzamento total de 37.437,40 euros, xa que introduce algunhas modificacións nas actuacións que alteran internamente o seu contido, aínda que non varía a finalidade da obra nin o seu orzamento total

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Vimianzo	2012.3280.00123.0	Actuacións no patrimonio municipal en Tines e Vimianzo	37.437,40	0,00	37.437,40

A aprobación deste proxecto reformado queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 1/2014, no que se consignará crédito suficiente na partida orzamentaria 0501/459G/76201 do plan, para o financiamento da achega provincial correspondente á obra citada.”

24.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO AILLADO PARA LOCALES DE ENSAIO”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, polo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ares para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Ares
DENOMINACIÓN DA OBRA	Rehabilitación de edificio illado para locais de ensaio
PRESUPOSTO DO PROXECTO	134.134,99 €
PRESUPOSTO DE ADXUDICACIÓN	100.601,24 €
ACHEGA DE AGADER	50.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	16.849,52 €

ACHEGA DA DEPUTACIÓN		33.751,72 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO		33,55 %
PARTIDA PRESUPOSTARIA		0430/169A/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

3.- A aprobación deste convenio queda condicionada a que o Concello de Ares achegue a documentación administrativa e técnica que se indica no informe de fiscalización, e a emisión dos informes técnicos e de fiscalización favorables.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO ILLADO PARA LOCAIS DE ENSAIO”

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o presidente da Comisión xestora do Concello de Ares, Julio Ignacio Iglesias Redondo

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ares ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE ARES con CIF P1500400E , para o financiamento da obra de **“REHABILITACIÓN DE EDIFICIO ILLADO PARA LOCAIS DE ENSAIO”** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polos arquitectos NICOLÁS CASTELO PÉREZ E LUÍS FELIPE CABEZAS TORRELO

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, así como o orzamento de adxudicación e os datos de financiamento detállanse nas seguintes táboas:

Orzamento execución material	93.155,76
Gastos xerais (13%)	12.110,25
Beneficio industrial (6%)	5.589,35
IVE (21%)	23.279,63
Orzamento de contrata	134.134,99

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 33.751,72 €, o que representa unha porcentaxe de 33,55 % do prezo de adxudicación. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 33,55%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/169A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios

correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adjudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigaón, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigaóns tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigaóns de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E ASÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos con carácter retroactivo desde o 11 de xullo de 2013 e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio

quedarán definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE
DO CONCELLO DE ARES

Diego Calvo Pouso

Julio Ignacio Iglesias Redondo”

25.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARZÚA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “ACCESO A PASTORIZA VELLA DENDE O CAMIÑO DE PANTIÑOBBRE E OUTROS”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Arzúa para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Arzúa
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acceso a Pastoriza Vella dende o Camiño de Pantiñobre e outros
PRESUPOSTO DO PROXECTO	60.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	60.000.00 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,000000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/453D/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARZÚA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “ACCESO A PASTORIZA VELLA DENDE O CAMIÑO DE PANTIÑOBRE E OUTROS”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Arzúa, José Luis García López

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Arzúa ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Arzúa con CIF P1500600J, para o financiamento da obra de “**ACCESO A PASTORIZA VELLA DENDE O CAMIÑO DE PANTIÑOBRE E OUTROS**”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños JULIO C. ROJO MARTÍNEZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano

competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	41.669,57
Gastos xerais (13%)	5.417,04
Beneficio industrial (6%)	2.500,17
IVE (21%)	10.413,22
Orzamento de contrata	60.000,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 60.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/453D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigaón, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigaóns tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigaóns de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigaóns tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade

Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da

subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentou a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondente xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá**

ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ARZÚA

Diego Calvo Pouso

José Luis García López”

26.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAPELA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO INTERIOR DOS VESTIARIOS E ASEOS DO XIMNASIO E PISCINA MUNICIPAL”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello da Capela para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	A Capela
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento interior dos vestiarios e aseos do ximnasio e piscina municipal
PRESUPOSTO DO PROXECTO	71.355,15 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	71.355,15 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/342A/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAPELA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “ACONDICIONAMENTO INTERIOR DOS VESTIARIOS E ASEOS DO XIMNASIO E PISCINA MUNICIPAL”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello da Capela, Manuel Meizoso López

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da Capela ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Capela con CIF P1501800E, para o financiamento da obra de “ACONDICIONAMENTO INTERIOR DOS VESTIARIOS E ASEOS DO XIMNASIO E PISCINA MUNICIPAL”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola arquitecta MERCEDES HERMIDA FEAL.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada

e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	49.555,63
Gastos xerais (13%)	6.442,23
Beneficio industrial (6%)	2.973,34
IVE (21%)	12.383,95
Orzamento de contrata	71.355,15

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 71.355,15 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Secretaría-Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

- 2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
- 3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

- 1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
- 2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

- 1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
 - Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
 - Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
 - Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)

- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria,

tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentou a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DA CAPELA

Diego Calvo Pouso

Manuel Meizoso López”

27.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DO CORCUBIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE “PLATAFORMA ELEVADORAS PARA O CENTRO DE DÍA DE CORCUBIÓN”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Corcubión para financiar a subministración conforme o Prego de Prescricións e Memoria Valorada presentada cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Corcubión
DENOMINACIÓN DA OBRA	Plataformas elevadoras para o centro de día de Corcubión
PRESUPOSTO DO PROXECTO	19.758,20 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	19.758,20 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00000 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/169A/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA

SUBMINISTRACIÓN DE “PLATAFORMAS ELEVADORAS PARA O CENTRO DE DÍA DE CORCUBIÓN”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. presidente da Deputación provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte o alcalde presidente do Concello de Corcubión, Francisco J. Lema Fuentes

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Corcubión ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión con CIF P1502800D, para o financiamento da adquisición de “**PLATAFORMAS ELEVADORAS PARA O CENTRO DE DÍA DE CORCUBIÓN**”, tal como aparece definida esta na memoria valorada subscrita polo arquitecto ANTONIO MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

O orzamento total da subministración, segundo a memoria valorada á que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento Plataformas elevadoras	11.450,00
IVE (10%)	1.145,00
Orzamento Montaplatos	5.920,00
IVE (21%)	1.243,20
Orzamento	19.758,20

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 19.758,20 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000%. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu informe responsable

da Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/169A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial.

2.- Adquirido o ben, a Entidade beneficiaria deberá rotular o ben en lugar visible de forma que se deixe constancia da data da adquisición e do financiamento provincial . O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación de subministración, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que figuren polo menos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

2.- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DO CONTRATO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.-A subministración que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrito na memoria valorada indicado na cláusula PRIMEIRA, deberá estar finalizado e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, pódalle corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÁU ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizado a subministración e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar

antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentou a xustificación, a Unidade Xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CORCUBIÓN

Diego Calvo Pouso

Francisco J. Lema Fuentes”

28.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA O FINANCIAMENTO DE “SUBMINISTRACIÓN DE SISTEMA DE DETECCIÓN E ALARMA DE INCENDIOS PARA O CENTRO DE DÍA DE CORCUBIÓN”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Corcubión para financiar a subministración conforme o prego de prescricións e memoria valorada presentada cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Corcubión
DENOMINACIÓN DA OBRA	Subministración de sistema de detección e alarma de incendios para o centro de día de Corcubión
PRESUPOSTO DO PROXECTO	2.778,40 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	2.778,40 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00000 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/169A/76201

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA O FINANCIAMENTO DE “SUBMINISTRACIÓN DE SISTEMA DE DETECCIÓN E ALARMA DE INCENDIOS PARA O CENTRO DE DÍA DE CORCUBIÓN”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso E doutra parte o alcalde presidente do Concello de Corcubión, Francisco J. Lema Fuentes

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Corcubión ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión, con CIF P1502800D para o financiamento da adquisición de **“SUBMINISTRACIÓN DE SISTEMA DE DETECCIÓN E ALARMA DE INCENDIOS PARA O CENTRO DE DÍA DE CORCUBIÓN”**, tal como aparece definida esta na memoria valorada suscrita polo arquitecto ANTONIO MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

O orzamento total da subministración, segundo a memoria valorada á que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa :

Orzamento	2.296,20
IVE (21%)	482,20
Orzamento	2.778,40

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 2.778,40 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000%. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/169A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios

correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial.

2.- Adquirido o ben, a entidade beneficiaria deberá rotular o ben en lugar visible de forma que se deixe constancia da data da adquisición e do financiamento provincial . O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación de subministración, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que figuren polo menos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

2.- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado

á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DO CONTRATO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.-A subministración que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrito na memoria valorada indicado na cláusula PRIMEIRA, deberá estar finalizado e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizado a subministración e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a Unidade Xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da

subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CORCUBIÓN

Diego Calvo Pouso

Francisco J. Lema Fuentes”

29.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE DUMBRÍA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA MUNICIPAL DE OLVEIRA A BAÍÑAS, NO CONCELLO DE DUMBRÍA”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Dumbría para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Dumbría
DENOMINACIÓN DA OBRA	Mellora de seguridade viaria na estrada municipal de Olveiroa a Baíñas, no Concello de Dumbría
PRESUPOSTO DO PROXECTO	99.998,41 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	99.998,41 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/453D/76201

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE DUMBRÍA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA MUNICIPAL DE OLVEIROA A BAÍÑAS, NO CONCELLO DE DUMBRÍA”

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Dumbría, José M. Pequeño Castro

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Dumbría ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Dumbría con CIF P1503400B, para o financiamento da obra de “**MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA MUNICIPAL DE OLVEIROA A BAÍÑAS, NO CONCELLO DE DUMBRÍA**”, tal como

aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños JULIO C. ROJO MARTÍNEZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	69.448,16
Gastos xerais (13%)	9.028,26
Beneficio industrial (6%)	4.166,89
IVE (21%)	17.355,10
Orzamento de contrata	99.998,41

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 99.998,41 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Secretaría-Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/453D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederáase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigaón, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigaóns tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigaóns de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento a a ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio

quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes intereses de demora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE DUMBRÍA

Diego Calvo Pouso

José M. Pequeño Castro”

30.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE “SUBMINISTRACIÓN DE CONTEDORES DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Mesía para financiar a subministración conforme a memoria valorada e prego de condicións presentados cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Mesía
DENOMINACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN	Subministración de contedores de residuos sólidos urbanos
PRESUPOSTO	4.624,90 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	3.699,92 €
ACHEGA DO CONCELLO	924,98 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/162A/76201

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DE “SUBMINISTRACIÓN COLECTORES DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso E doutra parte o alcalde presidente do Concello de Mesía, Mariano Iglesias Castro

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Mesía ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía con CIF P1504800B, para o financiamento da adquisición de **“SUBMINISTRACIÓN COLECTORES DE**

RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS”, tal como aparece definida esta en memoria valorada suscrita polo enxeñeiro de camiños JULIO C. ROJO MARTÍNEZ

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

O orzamento total da subministración, segundo a memoria valorada á que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa :

Orzamento Base Licitación	3.822,23
IVE (21%)	802,67
Orzamento	4.624,90

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 3.699,92 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/162A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial.

2.- Adquirido o ben, a entidade beneficiaria deberá rotular o ben en lugar visible de forma que se deixe constancia da data da adquisición e do financiamento provincial . O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación de subministración, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que figuren polo menos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

2.- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DO CONTRATO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.-A subministración que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrito na Memoria Valorada indicado na cláusula PRIMEIRA, deberá estar finalizado e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento

de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA Ou MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizado a subministración e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a Unidade Xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MESÍA

Diego Calvo Pouso

Mariano Iglesias Castro”

31.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “DRENAXE LONXITUDINAL NO CAMIÑO DA CAPELA SANTO ANTONIO (OLAS) E ABASTECIMENTO REDE XERAL NO COUTO (BASCOI)”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Mesía para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Mesía
DENOMINACIÓN DA OBRA	Drenaxe lonxitudinal en camiño Capela San Antonio (Olas) e abastecemento rede xeral no Couto (Bascoi)
PRESUPOSTO DO PROXECTO	14.258,05 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	14.258,05 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/161A/76201

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “DRENAXE LONXITUDINAL EN CAMIÑO CAPELA SAN ANTONIO (OLAS) E ABASTECIMENTO REDE XERAL NO COUTO (BASCOI)”

Na Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Mesía, Mariano Iglesias Castro

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Mesía ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía con CIF P1504800B, para o financiamento da obra de “**DRENAXE LONXITUDINAL EN CAMIÑO CAPELA SAN ANTONIO (OLAS) E ABASTECIMENTO REDE XERAL NO COUTO (BASCOI)**”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños JULIO C. ROJO MARTÍNEZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	9.902,11
Gastos xerais (13%)	1.287,27
Beneficio industrial (6%)	594,13
IVE (21%)	2.474,54
Orzamento de contrata	14.258,05

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 14.258,05 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Secretaría-Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustifico non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/161A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adjudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigaón, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)

- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria,

tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso prodúcese no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MESÍA

Diego Calvo Pouso

Mariano Iglesias Castro

32.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “CAMIÑO PAINCEIRA-CAMPO DE FÚTBOL, CAMIÑO GUITIRIZ (VISANTOÑA), CAMIÑO CAMPO DA FESTA (VISANTOÑA) E CAMIÑO ENTRE CASAS DO POUSADOIRO (VISANTOÑA).”

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Mesía para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Mesía
DENOMINACIÓN DA OBRA	Camiño Painceira-Campo de fútbol , camiño Guitiriz (Visantoña), camiño campo da festa (Visantoña) e camiño entre Casas do Pousadoiro (Visantoña)
PRESUPOSTO DO PROXECTO	27.177,63 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	27.177,63 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/453D/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “CAMIÑO PAINCEIRA-CAMPO DE FÚTBOL, CAMIÑO GUITIRIZ (VISANTOÑA), CAMIÑO CAMPO DÁ FESTA (VISANTOÑA) E CAMIÑO ENTRE CASAS DO POUSADOIRO (VISANTOÑA)”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Mesía, Mariano Iglesias Castro

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Mesía ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía con CIF P1504800B, para o financiamento da obra de “CAMIÑO PAINCEIRA-CAMPO DE FÚTBOL, CAMIÑO GUITIRIZ (VISANTOÑA), CAMIÑO CAMPO DÁ FESTA (VISANTOÑA) E CAMIÑO ENTRE CASAS DO POUSADOIRO (VISANTOÑA)”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños JULIO C. ROJO MARTÍNEZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	18.874,66
Gastos xerais (13%)	2.453,71
Beneficio industrial (6%)	1.132,48
IVE (21%)	4.716,78
Orzamento de contrata	27.177,63

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 27.177,63 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Secretaría-Intervención municipal acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustifico non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/453D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigaón, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)

- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibira ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria,

tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MESÍA

Diego Calvo Pouso

Mariano Iglesias Castro”

33.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “ACCESOS CASA DE CULTURA (XANCEDA), CAMIÑOS EN AROSA (XANCEDA) E DE AROSA A OUTEIRO (XANCEDA)”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Mesía para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Mesía
DENOMINACIÓN DA OBRA	Accesos Casa de Cultura (Xanceda), camiños en Arosa (Xanceda) e de Arosa a Outeiro (Xanceda)
PRESUPOSTO DO PROXECTO	59.856,90 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	59.856,90 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/453D/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS

“ACCESOS CASA DE CULTURA (XANCEDA), CAMIÑOS EN AROSA (XANCEDA) E DE AROSA A OUTEIRO (XANCEDA)”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Mesía, Mariano Iglesias Castro

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Mesía ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía con CIF P1504800B, para o financiamento da obra de **“ACCESOS CASA DE CULTURA (XANCEDA), CAMIÑOS EN AROSA (XANCEDA) E DE AROSA A OUTEIRO (XANCEDA)”**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños JULIO C. ROJO MARTÍNEZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	41.570,18
Gastos xerais (13%)	5.404,12
Beneficio industrial (6%)	2.494,21
IVE (21%)	10.388,39
Orzamento de contrata	59.856,90

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 59.856,90 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Secretaría-Intervención municipal acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/453D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado,

deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandito porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibiu ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MESÍA

Diego Calvo Pouso

Mariano Iglesias Castro”

34.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUXÍA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORAS E ACONDICIONAMENTO DE VIAIS (LUGARES DE QUINTÁNS, BALDOMAR, BUITURÓN E OUTROS) DO CONCELLO DE MUXÍA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Muxía para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Muxía
DENOMINACIÓN DA OBRA	Melloras e acondicionamento de viais (lugares de Quintáns, Baldomar, Buiturón e outros) do Concello de Muxía
PRESUPOSTO DO PROXECTO	99.963,85 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	99.963,85 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/453D/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUXÍA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “MELLORAS E ACONDICIONAMENTO DE VIARIOS (LUGARES DE QUINTÁNS, BALDOMAR, BUITURÓN E OUTROS) DO CONCELLO DE MUXÍA”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Muxía, Félix Porto Serantes

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Muxía ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muxía con CIF P1505300B, para o financiamento da obra de **“MELLORAS E ACONDICIONAMENTO DE VIAIS (LUGARES DE QUINTÁNS, BALDOMAR, BUITURÓN E OUTROS) DO CONCELLO DE MUXÍA”**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico municipal RAMÓN MARÍA LEIS VIDAL.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	69.424,16
Gastos xerais (13%)	9.025,14
Beneficio industrial (6%)	4.165,45

IVE (21%)	17.349,10
Orzamento de contrata	99.963,85

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 99.963,85 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na

documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibiu ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida

pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN Ao REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa firma e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentou a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MUXÍA

Diego Calvo Pouso

Félix Porto Serantes

35.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “RESTAURACIÓN, PARQUE FORESTAL DO SANATORIO DE CESURAS: PODAS SANITARIAS E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS E FITOSANITARIOS, INFRAESTRUTURAS E OBRAS CIVIL.”

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Oza-Cesuras para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Oza-Cesuras
DENOMINACIÓN DA OBRA	Restauración parque forestal do sanatorio de Cesuras: podas sanitarias e tratamentos silvícolas e fitosanitarios, infraestruturas e obra civil.
PRESUPOSTO DO PROXECTO	179.256,39 €
PRESUPOSTO DE ADXUDICACIÓN	168.017,02 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	48.002,88 €
ACHEGA DE OUTRAS ADMINISTRACIÓNS (AGADER)	120.014,14 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	28,57024%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/151B/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “RESTAURACIÓN PARQUE FORESTAL DO SANATORIO DE CESURAS: TALAS SANITARIAS E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS E FITOSANITARIOS, INFRAESTRUTURAS E OBRA CIVIL”

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o presidente da Comisión xestora do Concello de Oza-Cesuras, Pablo González Cacheiro,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Oza-Cesuras ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras , para o financiamento da obra de **“RESTAURACIÓN PARQUE FORESTAL DO SANATORIO DE CESURAS: TALAS SANITARIAS E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS E FITOSANITARIOS, INFRAESTRUTURAS E OBRA CIVIL”** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico MIGUEL ANGEL PÉREZ MARQUINA

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada

e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	124.492,25
Gastos xerais (13%)	16.183,99
Beneficio industrial (6%)	7.469,54
IVE (21%)	31.110,61
Orzamento de contrata	179.256,39

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 48.002,88 €, o que representa unha porcentaxe de 28,57024%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 28,57024%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/151B/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

- 1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.
- 2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
- 3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

- 1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
- 2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

- 1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
 - Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
 - Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
 - Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
 - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

- 1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
- 2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

- 1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
- 2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

- 1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
- 2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
- 3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
- 4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos con carácter retroactivo desde o 04 de xullo de 2013 e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data 28 de marzo de 2014.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA COMISIÓN XESTORA
DE OZA-CESURAS

Diego Calvo Pouso

Pablo González Cacheiro”

36.- PLAN PRESUPOSTARIO A MEDIO PRAZO E DETERMINACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO 2015-2017

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“**PRIMEIRO:** Aprobar o límite do gasto non financeiro e total dos exercicios 2015 a 2017:

Exercicio	2015	2016	2017
GNF	164.579.890,68	167.000.636,87	169.459.559,79
Gasto total	167.925.537,31	170.344.207,97	172.801.059,68

SEGUNDO: Aprobar os obxectivos da débeda pública provincial expresados:

Exercicio	2015	2016	2017
Débeda con E. Finan. a final de ano s/previsión inicial	13.046.522,34	10.698.726,17	8.350.929,94
Débeda con E. Finan. a final de ano s/previsión axustada	13.046.522,34	10.698.726,14	8.350.929,94
Amortización anticipada	0,00	0,00	1.491.812,28
Débeda p/PÉ^08	3.887.789,65	5.903.819,77	4.919.849,89
Débeda p/PÉ^09	29.189.093,28	28.019.222,76	20.849.,89
DÉBEDA TOTAL	49.123.405,27	41.621.768,67	20.849.352,24
% Débeda financeira/ ingresos correntes	7,80%	6,31%	4,85%

TERCEIRO: Revisar o escenario orzamentario e financeiro a medio prazo, os límites de gasto non financeiro e total, e os obxectivos de débeda pública provincial unha vez se dispoña dunha proxección razoablemente precisa da liquidación do Orzamento de 2014, se teña coñecemento das previsións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre os ingresos procedentes do Estado en concepto de impostos cedidos e fondo complementario de financiamento para o exercicio 2015 ou se actualice novamente o programa de estabilidade do Reino de España. 2014-2017, elaborado polo Ministerio de Economía.”

37.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 31.03.2014 E PROXECCIÓN A 31.12.2014.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/03/2014 e proxección a 31/12/2014.”

38.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA ACORDADA POLO CONCELLO DE SANTISO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación das competencias en materia tributaria acordada polo Concello de Santiso en relación coa seguinte materia:

- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

A delegación entrará en vigor unha vez sexan publicados no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación polo Pleno da Corporación provincial, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas para o efecto pola Deputación Provincial da Coruña.”

39.-FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DOS RECURSOS PROPIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E OS DOUTROS ENTRES PÚBLICOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e a de recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2012, na aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 33.2 das Bases de execución do Presuposto para o exercicio 2012 e da Resolución da Presidencia núm. 4.214 do 6 de marzo de 2012 (con data de entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2012), pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar sabedores do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión e inspección tributaria revisados, así como os de recadación, non presentan ningunha eiva de importancia e axústanse ao ordenamento xurídico e tributario de aplicación.”

40.-INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO PRESUPOSTO E ESTADOS FINANCEIROS INICIAIS RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 15.2 DA ORDE HAP/2015/2012 DO 1 DE OUTUBRO: AVALIACIÓN DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA NA UNIDADE INSTITUCIONAL “DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do artigo 15.2 da Orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

SEGUNDO: Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de Internet da Deputación provincial.”

41.-INFORMACIÓN DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO 3º E 4º TRIMESTRE DE 2013, EN CUMPRIMENTO DO DISPOSTO POLO ART. 4.3 DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento da información remitida polo Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña correspondente ao 3º e 4º trimestre de 2013, en cumprimento do disposto polo art. 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.”

42.-TOMAR COÑECEMENTO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2013 DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento da liquidación do orzamento do exercicio 2013 do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.”

43.- TOMAR COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA NÚMERO 6.850, DO 11 DE ABRIL DE 2014 RELATIVA Á APLICACIÓN DAS LIMITACIÓNS AO NÚMERO DE PERSOAL EVENTUAL E CARGOS PÚBLICOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA CONTIDAS NA LEI 27/2013, DE RACIONALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro.-Tomar coñecemento da Resolución de Presidencia número 6.850, do 11 de abril de 2014 relativa á aplicación das limitacións ao número de persoal eventual e cargos públicos con dedicación exclusiva contidas na Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local.

Segundo.-Ratificar os termos da Resolución:

“**PRIMEIRO:** Considerar de aplicación a Disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da administración local á Deputación Provincial da Coruña, para excepcionar a aplicación dos límites contidos nos artigos 75 bis, 75 ter e 104 bis do devandito texto legal e manter o número e condicións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva e do persoal eventual contempladas nas Bases de Execución do Orzamento Provincial, no Persoal e na Relación de Postos de Traballo aprobadas para o exercicio 2014.

SEGUNDO: Cubrir a solicitude e requirimentos informativos que determina a Secretaria Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a aplicación da Disposición transitoria décima da Lei de racionalización e sustentabilidade local. Para estes efectos désígnase ao viceinterventor D. José María Pérez Alvariño, para que leve a cabo as actuacións necesarias a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

TERCEIRO: Manter a aplicación da excepción citada en tanto se sigan cumprindo os requisitos expresados no apartado 1 da Disposición transitoria décima da Lei de racionalización e sustentabilidade local, ata o 30 de xuño de 2015.”

44.-CONVENIO DE CESIÓN DE USO GRATUÍTO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA POR PARTE DO CONCELLO DE ARTEIXO DUN LOCAL NO CENTRO ARTEIXO INNOVACIÓN PARA O SEU USO COMO OFICINA TRIBUTARIA E RECADATORIA DA ZONA 1.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Aceptar a cesión de uso do local acordada polo Pleno do Concello de Arteixo a esta Deputación dun espazo no centro Arteixo Innovación denominado Centro Tecnolóxico de Arteixo para a súa utilización como oficina tributaria e recadatoria da Zona 1, cunha duración de 10 anos prorrogable tacitamente por períodos sucesivos, se ningunha das dúas partes preavisan cunha antelación mínima de seis meses.

2. Aprobar o texto do convenio “Expediente de cesión gratuíta á Deputación Provincial da Coruña por parte do Concello de Arteixo, dun espazo no centro Arteixo Innovación denominado Centro Tecnolóxico de Arteixo, para a súa utilización como oficina tributaria e recadatoria da Zona 1”.

3. Facultar ao presidente para a execución do presente acordo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A CESIÓN DE USO GRATUITO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE PARTE DO EDIFICIO DENOMINADO CENTRO TECNOLÓXICO ARTEIXO, UBICADO NA AVENIDA ARSENIO IGLESIAS, PARA UBICAR A OFICINA PRINCIPAL DA ZONA RECADATORIA Nº 1 DO SERVIZO DE RECADACIÓN

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte o Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Carlos Calvelo Martínez, alcalde-presidente do Concello de Arteixo

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas, actuando ambos os dous no exercicio dos seus respectivos cargos e conforme a representación que teñen e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña precisa dispoñer no Concello de Arteixo dun local para situar a oficina principal da zona recadatoria número 1 do Servizo Provincial de Recadación, localizado actualmente na rúa Archer Milton Huntington da Coruña, coa fin de facilitar o acceso dos cidadáns ás oficinas de recadación provincial

Que o Concello de Arteixo dispón dun local situado no Centro Tecnolóxico Arteixo, localizado na Avenida Arsenio Iglesias que reúne as condicións adecuadas para situar nel as citadas oficinas.

E dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Arteixo ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA** e o **CONCELLO DE ARTEIXO** CIF P1500500B, para a cesión de uso gratuito pola Deputación Provincial da Coruña de parte do edificio denominado Centro Tecnolóxico Arteixo, situado na Avenida Arsenio Iglesias, cunha superficie de 88,87 metros cadrados, repartidos en 80,65 metros para atención ao público e 8,22 metros para zona de despacho, e que se describe no plano que figura como anexo.

II.- DESTINO

A Deputación destinará o local a oficina principal da zona recadatoria número 1 do Servizo Provincial de Recadación

III.- CONDICIONS DE CESIÓN

1.O Concello de Arteixo pon a disposición da Deputación Provincial da Coruña o citado local dotado de instalacións de enerxía eléctrica, auga e teléfono así como as conexións a internet e outras imprescindibles para o desenvolvemento das funcións tributarias e recadatorias da Deputación.

2.O mobiliario así como o equipamento informático e administrativo será a cargo da Deputación provincial.

3. O consumo de teléfono imputable á oficina recadadora será por conta da Deputación

4. O consumo de enerxía eléctrica e auga será por conta do concello.

5. O Concello de Arteixo aboará os gastos do seguro de bens do citado local

6. A cesión inclúe as autorizacións necesarias por parte do concello para a situación dun ou máis caixeiros automáticos que faciliten ao cidadán as relacións coas entidades financeiras colaboradoras que se derivan da actividade tributaria e recadadora, na situación que produza o menor trastorno posible no funcionamento das demais oficinas e servizos municipais instalados no edificio.

7. A Deputación provincial poderá instalar na fachada do inmovible, así como na zona de acceso do interior do edificio, os rótulos correspondentes indicativos do Servizo Provincial de Recadación para facilitar o acceso dos cidadáns

8. Será por conta do concello o pago dos tributos relativos ao citado local.

9.- A Deputación Provincial da Coruña comprométese a manter o local en perfectas condicións de uso mentres dure a cesión de uso gratuíta.

IV.- OBRAS E INSTALACIÓNS

O Concello de Arteixo autoriza a Deputación Provincial da Coruña a realizar, durante a vixencia do presente convenio, todas as obras que estime necesarias para a adaptación, reforma, conservación e mantemento do local cedido, e das súas instalacións, cuxos gastos aboará a Deputación provincial, previa a correspondente tramitación administrativa conforme á normativa reguladora da contratación administrativa e do gasto público.

V.- DURACIÓN

O Concello de Arteixo cede o uso do local por un prazo mínimo de dez anos contados a partir da sinatura do presente convenio, prorrogable tacitamente por períodos sucesivos, se ningunha das dúas partes preavisa cunha antelación mínima de seis meses

VI.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para coordinar as actuacións e as posibles dúbidas que poidan xurdir da execución do presente convenio, constituirase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións designados polos respectivos presidentes.

VII.- NATUREZA XURIDICA

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que poidan xurdir en relación con el, serán competencia da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por xxxxx número xxxxxxxx do 2014.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ARTEIXO

Diego Calvo Pouso

Carlos Calvelo Martínez”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

- Moción do Grupo Provincial Socialista á supresión dos partidos xudiciais.
- Moción do Grupo Provincial do BNG para solicitar a retirada do anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial.
- Moción do Grupo Provincial Popular sobre o texto de reforma da Lei orgánica do poder xudicial.

Sr. Presidente

Se lles parece como hai tres mocións, unha de cada Grupo, sobre o mesmo tema, debatémolas conxuntamente aínda que despois, se se chega a un acordo, as votemos por separado.

Pola orde que está aquí a primeira moción do Grupo Provincial Socialista sobre a supresión dos partidos xudiciais.

Sr. Fernández Moreda

Ben, o grupo Socialista presenta unha moción que di o seguinte:

O Goberno do Estado vén de anunciar a supresión dos partidos xudiciais existentes en Galicia para concentrar aos xuíces nas capitais provinciais, e crear un único tribunal de instancia provincial, fronte á proposta do anterior goberno de que se crearan en cada partido xudicial. En Galicia esta medida suporá a desaparición de 43 partidos xudiciais, e na provincia da Coruña 13, dos 14 que ten hoxe. Trátase dunha fonda alteración do funcionamento da xustiza, da accesibilidade dos cidadáns e dos custos asociados, ademais de privar a moitos concellos dunha importante fonte de ingresos indirectos. O Goberno do Partido Popular, no seu propósito de facer unha xustiza para poucos, paralizou os procesos de modernización tecnolóxica, de posta en funcionamento da nova oficina xudicial e de creación de prazas, pretende privatizar o Rexistro Civil, e agora propónse tamén a desaparición dos partidos xudiciais e a concentración da actividade xurisdiccional nas capitais de provincia. Mesmo cidades como Ribeira, Santiago ou Ferrol, perderían as súas sedes xudiciais. Así, o Goberno presidido por Mariano Rajoy co respaldo da Xunta de Galicia, continúa o labor de afastamento dos cidadáns da xustiza, primeiro promulgando unha nova lei de taxas disuasorias pola súa contía restritiva para as persoas con menos recursos, agora a supresión dos partidos xudiciais incrementará os custos de desprazamento. Queda esquecida a defensa dos dereitos dos cidadáns e o acceso a unha tutela xudicial efectiva, como garante o artigo 24.1 da Constitución española. En consecuencia, o Grupo Provincial Socialista presenta a seguinte proposta de acordo para o seu debate e aprobación polo Pleno: Trasladar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España o rexeitamento da proposta de supresión dos partidos xudiciais.

Sr. Requeira Varela

Repetir argumentos dos expostos na moción do propio Partido Socialista porque estamos de acordo con moitos deles, de feito eu creo que a retirada desta lei suscitou xa, en case todas partes, o acordo dos tres Grupos políticos que temos

representación hoxe aquí. A lei é mala, indubidablemente, niso estamos todos de acordo, é mala para Galicia, e incluso no meu concello o viceportavoz do Partido Popular cualificou ao seu impulsor, ao ministro Gallardón, como o peor ministro da historia de España na súa carteira.

Pero sen entrar niso, nós cremos que si fai falta unha reforma, non esta reforma. Galicia é deficitaria en tribunais de xustiza, creo que fai falta unha reforma, que non é simplemente deixar as cousas como están, ou máis ou menos como están, é dicir, que non desaparezan os partidos xudiciais, que niso xa digo, estamos todos de acordo, pero nós, xa que se está debatendo sobre a administración de xustiza, a Lei orgánica do poder xudicial, entendemos que é un momento tamén apropiado para impulsar unha reforma en profundidade, que lle faga fronte ás graves carencias que ten a xustiza en Galicia, e aquí non pasa por eliminar xulgados, aquí pasa polo contrario, por ampliar xulgados. É curioso que o que se está intentando facer é eliminar os partidos xudiciais, alonxar moito máis a xustiza dos cidadáns, xa se alonxa a través das taxas, pero agora aínda preténdese alonxar tamén máis a través da distancia entre os propios cidadáns e as sedes xudiciais, polo tanto, nós cremos que hai que abordar unha reforma, pero hai que abordar unha reforma que se adapte ás necesidades actuais da sociedade galega, e polo tanto tamén entendemos que na reforma tamén se ten que contemplar a transferencia a Galicia e aos ámbitos galegos da competencia exclusiva sobre a delimitación e a demarcación da planta xudicial, non basta simplemente con pedir a retirada desta lei, senón que hai que buscar que se reforce o papel de Galicia tamén na delimitación da demarcación da planta xudicial. Polo tanto, estando de acordo coa moción do Partido Socialista que xa adiantamos que imos apoiar, nós consideramos que xa que está aberto o debate hai que aproveitar este debate para afondar nunha nova lei que solucione problemas, non que deixa os problemas actuais no punto no que están.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. presidente. En primeiro lugar, dúas cuestións que considero previas. A primeira é o feito do que se intenta conseguir cando un presenta ante unha institución provincial unha moción, unha moción neste caso de posicionamento sobre un anteproxecto de lei, e que polo tanto o que busca o noso Grupo, como supoño que o resto dos Grupos, é un consenso ou unha maioría no que é o noso posicionamento, incluso tendo que deixar na defensa dese posicionamento algunhas cuestións que nos puideran levar a ter diferenzas. Dito iso, aquí non se está tratando, no noso posicionamento, de ningunha lei, o que hai é unha aprobación por parte do Consello de Ministros dun anteproxecto que se ten que remitir aos órganos correspondentes, é dicir, ao Consello do Estado, ao Consello de Fiscais, ao Consello Xeral do Poder Xudicial, todos eles para que se posicionen, e de aí lóxicamente o Goberno ten que refundir todo o que son esas suxestións ou posicionamentos que fan estes organismos, e podería levar ao caso de que froito dese posicionamento se aprobase no Consello de Ministros un proxecto de lei e que ese proxecto de lei acabase no Congreso. Polo tanto, estamos nun punto incipiente aínda do que creo que tiña que ser a futura reforma, e tampouco ás veces hai que dar, cando estamos neses trámites de audiencia, máis importancia da que teñen esas cuestións.

Dito isto, evidentemente si que preocupan neste primeiro posicionamento do anteproxecto unha serie de cuestións a todo o mundo. Non que se inicie este trámite,

porque todos cremos que hai que seguir buscando unha maior axilidade e eficiencia á xustiza, e tantas veces escoitamos que deixa de selo senón é precisamente áxil e en tempo, e por outra parte, tamén creo que a tutela xudicial efectiva dos xuíces e dos tribunais, como recoñece a Constitución, ten que garantirse. Dito iso, creo que un lugar como é Galicia, coas súas peculiaridades, cos seus problemas demográficos, co problema de perda de peso das comarcas, ten que ser tido en conta en calquera tipo de reforma que se faga. E hai unha cuestión lóxica que neste caso preocupa a todos os que non están incluídos dentro de capitais de provincia, que neste caso só sería a cidade na que nos encontramos, que tería o seu tribunal de instancia, iso preocúpalle a grandes cidades como poden ser Ferrol ou Santiago, pero preocúpanos ao resto de cabeceiras de comarcas, tamén, na nosa provincia en total, se non me equivoco, son catorce, si nos preocupa porque evidentemente alonxaría a xustiza a eses cidadáns, unha comarca ou un partido xudicial como o meu abrangue a máis de 60.000 persoas, pero tamén podemos falar dos lindantes, e polo tanto si preocupa, preocupa que llo alonxe, preocupa a actividade económica que tamén nestas comarcas xeran os servizos e que, polo tanto, eu creo que iso fainos levar a proposta do noso Grupo que todos vostedes coñecen, e aínda que as terminoloxías cambian, e que evidentemente non hai neste momento necesariamente a supresión de ningún órgano xudicial, si nos parece importante as terminoloxías, e por iso nós tamén defendemos o que é unha organización xudicial baseada en partidos.

Entón, remato como empecei, o noso Grupo o que pretende é chegar a acordos, en verdade é difícil chegar a un acordo neste caso coa proposta do Bloque, porque eu creo que intenta solucionar un problema creándonos outro, e o problema é crear nestes momentos de debate o tema de transferencias, transferencias sobre planta xudicial, etc., que á parte de que non tería ningunha virtualidade práctica este acordo, posto que neste momento non se darían as condicións para que se puidera desde ningún punto de vista, case diría que nin estudar novamente, non podemos aprobar a súa proposta e vexo dificilmente tamén que coa nosa cheguemos a un punto de encontro. Si poderíamos chegar co Grupo Socialista, nós estaríamos dispostos incluso a retirar o que é a nosa proposta, baseándonos na parte dispositiva da súa, simplemente engadindo ao que vostedes pretenden, que lle recordo o que é, trasladar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España o rexeitamento da proposta de supresión dos partidos xudiciais, e nós faríamos, se vostedes o teñen a ben, senón loxicamente seguiríamos mantendo a nosa proposta, ese engadido que nós facemos é que en calquera reforma da Lei orgánica do poder xudicial se teña en conta as peculiaridades propias de Galicia. Esa é a nosa proposta, no ánimo, como dicía, de intentar acadar o máximo consenso e o máximo apoio posible ante o posicionamento que debe de ser desta cámara a ese anteproxecto de lei. Grazas, Sr. Presidente.

Sr. Presidente

Abrimos unha segunda rolda, rógolle que tamén entón, no caso do portavoz socialista nos diga se acepta a proposta.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, eu aplaudo e celebro a aproximación do Grupo Popular á moción do Grupo Socialista, seríanos difícil votar a súa proposta, porque fixa só os tribunais de

instancia nas sete grandes capitais, non fala dos partidos xudiciais, pero aceptamos a proposta.

E con respecto á moción do Bloque non podemos votar a favor, por un motivo fundamental, aínda que compartimos o esencial que é que estamos en contra do anteproxecto, que estamos en contra da desaparición dos partidos xudiciais, que nos preocupa a deriva do Grupo Popular, do goberno Popular, de alonxar a xustiza dos cidadáns, de encarecer a xustiza, de poñer taxas disuasorias, de privatizar o rexistro civil, que todo iso o compartimos, vostedes fan puntualizacións que incluso son inconstitucionais, o poder xudicial é un poder do Estado, e a lei que regula a planta e demarcación xudicial ten que ser unha Lei das cortes xerais, non podemos regular nosoutros iso desde Galicia porque é unha competencia exclusiva do Estado, e vostedes na súa moción falan de pasar esa competencia como unha competencia exclusiva e fala dunha reforma do Estatuto que se nos vai do que son as competencias dun Grupo provincial Socialista, iso é un tema cunha carga profunda ideolóxica que terían que debater os órganos do meu partido, e logo nós desde aquí defenderíamos o que dixese, pero como o que entendemos é que o que nos une é o fundamental, e o que nos separan son esas cousas, nós non votaríamos en contra da súa proposta, absteríámonos, o que lle faría é a invitación de que se sumase á proposta do Grupo Popular, e aprobásemos a moción que presenta o Grupo Socialista porque o interese que temos todo é o mesmo, facerlle constar ao Goberno de España que o que está facendo é unha barbaridade, que afecta gravemente a Galicia e aos seus cidadáns, que hai un rexeitamento unánime nos concellos, na sociedade e nos profesionais da xustiza e que ten que medrar ese anteproxecto de lei e facer como dicía o señor portavoz, que cando ese anteproxecto se converta nun proxecto de lei que aprobe o Consello de Ministros, isto estea solucionado, de cara a ese intento de facer constar a vontade do Pleno da Deputación, de toda a Corporación provincial da Coruña, eu convídoos a que se sume á proposta do Grupo Socialista, coa incorporación da proposta in voce do Grupo Popular para que sexa unha decisión unánime, porque o que estamos buscando é todos o mesmo, despois o outro son cousas de partido, de que se un entende que a administración, o poder xudicial debe ser un poder autonómico, e debe de haber un poder autonómico en Galicia xudicial, e outro en Cataluña, e outro en Estremadura, son cuestións ideolóxicas, pero isto que non nos separe a ideoloxía, e que nos una o interese común, o interese común é facerlle ver ao Goberno de España que a Deputación da Coruña, como toda Galicia, rexeita ese contido do anteproxecto de lei que queran someter a debate no Parlamento español.

Sr. Requeira Varela

Todo que facemos aquí ten carga ideolóxica, polo menos o que fago eu, eu en política estou por ideoloxía, polo tanto todas as miñas intervencións teñen carga ideolóxica seguro, e ademais a miña é moi clara, son nacionalista, polo tanto, evidentemente, a cuestión das competencias é moi importante.

Logo isto de que sería inconstitucional, é imposible, todo é imposible ata que se fai, vostedes conseguiron un imposible, hai X anos era imposible, pero déuselles por reformar a constitución en vinte e catro horas e conseguírono, mire vostede as consecuencias que tivo despois, pero si foron capaces de... incluso disertaron aquí os

portavoces do PSOE e do PP sobre como se fixera nalgún Pleno da Deputación, con chamadas de non sei quen e tal. En fin, que todo é imposible ata que se fai.

Pero, eu vou recoller as palabras do portavoz do Partido Popular, efectivamente isto é un anteproxecto, polo tanto, estamos xusto no momento oportuno para facer, non só rexeitar, porque xa lles adianto que nós imos facilitar ese consenso e imos votar a favor da moción do PSOE coa inclusión do punto que pedía o PP, pero imos seguir tamén defendendo a nosa parte resolutiva da moción por separado, xa sei que vai ter pouco éxito polo que vexo entre o resto dos grupos, pero nós cremos que hai que aproveitar para mellorar ese anteproxecto, é o momento de facer as suxestións que nós consideramos oportunas. E quero deixar unha cousa moi clara, o BNG non crea problemas, o que trata é de propor solucións, e nós cremos que a solución do problema da xustiza en Galicia pasa por chegar a cuestións como as que propoñemos nós na parte resolutiva da nosa moción.

Eu non sei se é o momento de transferir ou asumir competencias, creo que todos os momentos son momentos para transferir competencias, eu creo que estaríamos moito mellor gobernados tamén no ámbito da xustiza se as competencias estiveran no ámbito galego que si estivéramos tutelados por papá Estado porque sempre que estamos tutelados por papá Estado, e nós estamos demasiado tutelados por papá Estado, a nós vannos as cousas mal, porque como di moi ben o portavoz do Partido Popular, aínda que o vexa desde outro punto de vista, que non é un punto de vista nacionalista, as nosas peculiaridades son moi diferentes ás do resto do territorio do Estado e ao resto da sociedade do Estado, e case nunca se teñen en conta curiosamente. Polo tanto sería mellor que nós tiveramos a competencia en establecer as nosas propias demarcacións xudiciais e seguramente, seguramente, por iso o propoñemos, mellor nos iría.

Sr. Ruiz Rivas

Simplemente, Sr. Presidente, para matizar algunha das cousas que se dixeron. Eu creo que a lei non ten sentido desde un país como Galicia, coas peculiaridades de Galicia, non diría que noutras provincias coa súa distribución territorial, demográfica, non diría que noutras comunidades cunhas competencias moi diferentes á nosa non poida ter eses visos que aquí dicimos de poder con iso garantir unha maior axilidade, unha maior eficiencia de todo o que é o sistema xudicial.

Dito isto, en que se diferencia Galicia? Máis practicamente, e a pesar da importancia das sete grandes cidades, o 36% da poboación está fóra delas, e está fóra delas nunhas agrupacións territoriais que moitas veces fan moito máis dificultosa o que é o desprazamento, a iso hai que engadir que a Xunta de Galicia en competencias no que foi o mantemento de todas as sedes xudiciais, no que foi a construción doutras novas, leva investido máis de 50 millóns de euros no que é esa competencia, e que loxicamente moitas desas infraestruturas hoxe en día non terían sentido se non da o servizo. Si que vemos problemas nas sedes desprazadas, efectivamente é unha diminución do servizo e moitas das cuestións do que hoxe se dá como servizo ao cidadán nun tribunal de instancia, e por iso que a nós parécenos que dentro da pretendida e necesaria reforma da administración de xustiza debe darse sobre a base do que é esa distribución territorial, desa distribución da xustiza en partidos xudiciais, e por iso, polo que precisamente o pretendemos e defendemos, e

agradezo a postura do Grupo Socialista e tamén como antes dixemos, con respecto á do Bloque Nacionalista Galego, non nos podemos posicionar a favor. Polo tanto, esa é o posicionamento do noso Grupo.

Sr. Presidente

Entón se non entendín mal, o Grupo Popular retira a súa moción para votar conxuntamente a presentada polo Partido Socialista co engadido que vostede fixo, e o Grupo do Bloque mantén a súa moción, polo tanto votamos a do Grupo Socialista con ese engadido primeiro, e despois a do Grupo do BNG.

Vótase a moción do Grupo Socialista co engadido proposto polo Partido Popular e apróbase por unanimidade a seguinte moción:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA Á SUPRESIÓN DOS PARTIDOS XUDICIAIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno do Estado vén de anunciar a supresión dos partidos xudiciais existentes en Galicia, para concentrar os xuíces nas capitais provinciais e crear un único tribunal de instancia provincial, fronte á proposta do anterior Goberno de que se crearan en cada partido xudicial.

En Galicia esa medida suporá a desaparición de 43 partidos xudiciais, e na provincia da Coruña 13 dos 14 que ten hoxe. Trátase de unha fonda alteración do funcionamento da xustiza, da accesibilidade dos cidadáns e dos custos asociados, ademais de privar a moitos concellos dunha importante fonte de ingresos indirectos.

O Goberno do Partido Popular, no seu propósito de facer unha xustiza para poucos, paralizou os procesos de modernización tecnolóxica, de posta en funcionamento da nova oficina xudicial e de creación de prazas, pretende privatizar o Rexistro Civil e agora proponse tamén a desaparición dos partidos xudiciais e a concentración da actividade xurisdiccional nas capitais de provincia. Mesmo cidades como Ribeira, Santiago ou Ferrol perderían as súas sedes xudiciais.

Así, o Goberno presidido por Mariano Rajoy, co respaldo da Xunta de Galicia, continúa o labor de afastamento dos cidadáns da xustiza: primeiro, promulgaron unha nova lei de taxas, disuasorias pola súa contía e restritivas para as persoas con menos recursos; agora, a supresión dos partidos xudiciais incrementará os custos de desprazamento. Fica esquecida a defensa dos dereitos dos cidadáns e o acceso a unha tutela xudicial efectiva, como garante o artigo 24.1 da Constitución española.

En consecuencia, o Grupo Provincial Socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO** para o seu debate e aprobación polo Pleno:

Trasladar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España o rexeitamento da proposta de supresión dos partidos xudiciais e que en calquera reforma da Lei orgánica do poder xudicial se teña en conta as peculiaridades propias de Galicia.”

A continuación procédese a votar a moción presentada polo BNG:

VOTACIÓN

Votan a favor: 5 deputados (BNG)
Votan en contra: 17 deputados (PP)
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

Sr. Presidente

Pasamos a última das mocións presentadas, que é unha do Bloque Nacionalista Galego.

-Moción do Grupo Provincial do BNG para a revisión da facturación do consumo eléctrico municipal.

Sr. Regueira Varela

É polos cobros indebidos das empresas comercializadoras de enerxía en todo o país. Ante esta reclamación algunhas das empresas subministradoras de enerxía pretenden devolver só a facturación cobrada indebidamente no último ano, xa que consideran os cobros indebidos como erros de lectura ou despistes administrativos, cando é evidente que é unha estafa pois chegaron a cobrar por conceptos contrarios á lexislación. É curioso, danse casos de facturas nas que se cobran coa tarifa diúrna o consumo nocturno ou tarifas onde se cobra calquera tipo de concepto sen estar xustificadas. Eu podo poñer un exemplo que me toca de cerca, o exemplo do meu concello, onde só por contestarlle que non estabamos de acordo coa factura que se nos estaba pasando polo consumo eléctrico nos diferentes servizos, durante o último ano e catro meses temos aforrado cento catro mil euros que nos devolveu así, sen máis negociacións que presentar esa cartiña de reclamación á empresa subministradora, non quero pensar o que nos estarían cobrando de máis, porque se nos devolven iso ao momento, só por presentar reclamación, seguramente que algo máis habería. Pero polo tanto, parécenos gravísimo o que se está facendo co tema da enerxía neste país, e parécenos gravísimo o que se está facendo polas empresas subministradoras cos concellos galegos. Polo tanto, nós o que pedimos, xa que temos unha Axencia Provincial de Enerxía, e xa que podemos poñer á disposición tamén dos concellos da Coruña, solicitamos que se aprobe un convenio marco entre a Deputación e a FAEPAC e os propios concellos da Coruña para a revisión de todas as facturas emitidas polas empresas eléctricas desde o ano 2009, interpor de forma conxunta cos concellos as reclamacións oportunas contra as empresas no caso de que se detectaran facturacións indebidas para a devolución dos importes de todos os anos desde o 2009, e instar á Xunta de Galicia a que adopte un papel activo na defensa dos concellos e abra os correspondentes expedientes ás distribuidoras eléctricas polos casos de cobro indebido aos concellos.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Nosoutros imos votar favorablemente esta moción aínda que somos coñecedores de que parte do que aquí se está formulando, xa está funcionando. Hai un convenio da FAEPAC, da Axencia Provincial de Enerxía cos concellos de menos de 20.000 habitantes, para revisar as facturas eléctricas do ano 2013, é certo que só do ano 2013, e por esa xestión cóbrase, no caso que haxa unha solución satisfactoria, cóbraselle o 50%. Hai, non o sei exactamente, pero un pouco máis de trinta concellos que se adheriron a este convenio, non teño o dato recente, pero parécenos oportuna esta moción, porque vai un pouco máis alá, vai un pouco máis alá do que está aquí, vai un pouco máis alá no sentido de interpor de forma conxunta cos concellos as reclamacións, e vai un pouco máis alá no sentido de solicitarlle á Xunta que se implique un pouco máis, que teña un papel un pouco máis activo e que abra os correspondentes expedientes ás distribuidoras eléctricas, polos casos de cobro indebido aos concellos.

Polo tanto, recoñecendo que isto dalgún xeito estase facendo, recoñecendo que moitos concellos porque hai oitenta e catro, oitenta e sete concellos de menos de 20.000, a maioría non se adheriron a este convenio e tiveron oportunidade, pero sería conveniente porque todos estamos oíndo continuamente, onte nos medios de comunicación, que se cobraran medio millón de euros de forma indebida, quen de nós entende o recibo de luz?, ninguén, e sabe Deus o que fan. Polo tanto, ofrecerlle de novo aos concellos esta posibilidade, parécenos razoable. Nese sentido, o voto do Grupo Socialista vai ser favorable á aprobación desta moción.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente. O posicionamento do noso Grupo non vai ser apoiar esta proposta, nós pensamos que vai un pouco xa a rebufo do que está facendo este goberno provincial e pensamos que o que se nos pide é o que se está facendo a través de FAEPAC que é unha Fundación que se creou no ano 2006, que a crearon gobernando precisamente vostedes, e creo que se empeza a ter unha virtualidade e unha importancia digna de gabar por parte dos concellos é agora e a nós non nos parece oportuno asinar un convenio da Deputación con quen precisamente xa é Deputación, porque non esquezamos que dentro da FAEPAC forma parte importante, por non dicir indispensable, a Deputación, incluso a Presidencia deste organismo corresponde á mesma que ao órgano provincial, e polo tanto facer un convenio consigo mesmo, cando xa se está facendo ese convenio directamente por ofrecemento desta Deputación cos concellos, cos servizos que se lle ofertaron, parécenos innecesario. Como dicía o Sr. Moreda, máis de trinta concellos xa se adheriron a este convenio coa FAEPAC e por outra parte quen non se adhire, vostede sabe que moitos concellos xa por outra vía, vía de empresas ou con servizos propios, se non se xuntaron a este convenio é porque pola súa conta xa teñen esa remisión das facturacións feitas por si mesmos, polo tanto ese convenio vai permitir revisar a facturación dos últimos doce meses, vai realizar un resumo dos CUPS, que é o código universal de punto de subministro e vai realizar as reclamacións derivadas das revisións das facturas, iso vai ter unha serie de vantaxes deste plan, que lle paso a relatar, vaise conseguir a devolución íntegra do importe irregular da facturación eléctrica pagado innecesariamente á subministradora, conséguese a normalización,

cambio e aforro inmediato das posteriores facturas do concello, realízanse as reclamacións en tempo e forma ante a empresa subministradora, mantense total e absolutamente confidencialidade ante terceiros dos datos da facturación eléctrica do concello, cousa que non ocorre en caso de acudir a empresas, realízase o estudo e a revisión de todas as facturas aboadas polos concellos durante o último ano e propóñense recomendacións e modificacións nas contratacións enerxéticas e, polo tanto, non é que só vaia surtir efectos nas arcas municipais, vía reclamación do último ano, que se pode ampliar a todos os que son esixibles, senón que sobre todo ten tamén un importante aforro de cara ao futuro, polo tanto nós imos votar en contra da proposta por crer que o que se está pedindo é o que se está facendo por parte da Deputación, e feito de ter que asinar un convenio consigo mesmo non nos parece oportuno nin procedente cando o importante do asunto que é conseguir o apoio a estes concellos menores de vinte mil anos, perdón, de vinte mil habitantes, -vinte mil anos tamén todos son menores, supoño, non sei-, como dicía, Sr. Presidente, ese vai ser o posicionamento do noso Grupo.

Sr. Requeira Varela

Eu, por suposto, felicito á Deputación por estar facilitando aos concellos todos eses trámites, pero insisto en que non é o mesmo tipo de cuestións a que pedimos nós. Vostede mesmo falaba de revisión das facturas do último ano, nós estamos falando de revisión da facturación dende o ano 2009, pero hai algo que non me parece menor, e que vostede tamén debería de ter en conta á hora de votar, aínda que sei que non o vou convencer, primeiro darlle as grazas ao Grupo Socialista por apoiar esta moción, pero imaxínese vostede que a práctica que están facendo as subministradoras eléctricas a fixera unha empresa privada ou un particular, onde repetidamente se estiveran cometendo erros no cobro de calquera concepto e ademais erros que, imos ver, non son involuntarios, por dicilo dalgunha maneira, ou non parecen involuntarios. Imaxínese vostede que pasaría se unha empresa se dedicase a cobrar de máis centos de miles de euros, ou cen euros, ou douscentos euros, como pasa nos casos particulares, repetidamente, e ninguén fixera nada. Vostede non cre que cando unha empresa, as eléctricas neste caso, están cometendo constantemente fallos, -pero curiosamente nunca fallos que vaian prexudicalas a elas, senón fallos que prexudican neste caso ao seu cliente-, na facturación, non cre vostede que é necesario que a administración pública, neste caso a Xunta de Galicia, tome as medidas correctoras pertinentes e abra os expedientes correspondentes a esas empresas?, pois nós cremos que si, porque se non, efectivamente, estaremos facendo trámites, alegando e reclamando constantemente ás eléctricas, pero estas o único que farán é devolver unha porcentaxe, porque seguramente non detectamos nin sequera o 50% dos fallos de facturación que cometen, pois ben, vailles ben, polo tanto, non é xustamente o que está facendo a Deputación a través da FAEPAC, o que estamos propoñendo nós aquí é moito máis, e creo que deberían de revisarse as facturas desde o 2009 porque levaríamos moitísimas sorpresas, pero tamén cremos que é necesario que a Xunta de Galicia, dunha vez por todas, expediente a quen teña que expedientar e sancione a quen deba sancionar, pero xa non no caso só dos concellos, no caso das persoas particulares estanse cometendo verdadeiros atropelos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Requeira Varela

Un rogo, é sobre os grupos de emerxencias supramunicipais, que deron moito que falar aquí. Acábase de asinar unha ordenanza no Concello de Curtis, unha ordenanza que está tendo unha ampla contestación polo resto dos concellos que forman parte dese territorio, do GES de Curtis, que ten creado un importante malestar, moito desacougo, e que xa ten ocasionado que se presenten alegacións por parte dos outros concellos, que houbera plenos extraordinarios e, polo tanto, como non entendemos exactamente, ou polo menos non comprendemos como un concello, que é sede dos GES, poida aprobar unha ordenanza que despois vai intentar cobrarlle nos concellos limítrofes, que son tamén concellos onde se presta ese servizo, e que é curioso, o resto dos concellos, a práctica maioría gobernada polo Partido Popular, está en contra desa ordenanza que se aproba nese concello sede, pois nós entendemos que ao mellor era necesario que a Deputación lle solicite ao Concello de Curtis que retire provisionalmente esa ordenanza e que, ao mellor, tamén é necesario que a Deputación solicite á FEGAMP que exista polo menos unha ordenanza marco para que a regulamentación que haxa dos territorios GES en todos os territorios de Galicia teña unha mínima coherencia, pero o que non é normal é que unha ordenanza nun concello suscite o rexeitamento de todos os demais concellos dese territorio GES. Polo tanto, nós rogámoslle que polo menos faga ese trámite, solicite como está ese tema, se lle solicite, xa que hai unanimidade ao respecto, ao Concello de Curtis, que retire provisionalmente esa ordenanza.

Sr. Presidente

Na primeira parte, nós non cremos que sexa función da Deputación pedirlle a un concello que retire unha ordenanza, que ademais está habilitado para poder establecela, hai que respectar esa autonomía municipal, e se entrásemos nese debate, sería moi complicado, como se pode imaxinar vostede, polo tanto, é autonomía municipal. O que si fixemos xa cando xurdiu este problema porque loxicamente nos GES parte do financiamento é tamén da Deputación da Coruña, foi preguntar e, efectivamente, se ten establecido, ou está previsto que os concellos que acollen a base dos GES poidan establecer unha ordenanza na que repercutan parte dos gastos dos desprazamentos dos equipos dos GES aos concellos limítrofes. Tense establecido unha referencia aos custos que ten o Consorcio provincial de extinción de incendios, para ter unha referencia, e nese sentido, o que eu lle pedín ao director xeral de emerxencias é que probablemente fose bo que se fixara o mesmo custo en todos os concellos, establecendo claramente, loxicamente, o desprazamento, os quilómetros que fai, como un dos elementos diferenciadores, pero non sendo iso, que o custo por hora ou por quilómetro fose o mesmo en todos os GES. Esa xestión xa está feita, pero non hai ningún problema por volver a preguntar como vai, de todos os xeitos estaba previsto así na propia regulamentación do GES e os concellos base

teñen esa autonomía para recuperar esa porcentaxe de financiamento que eles teñen do vinte por cen, e como sabe vostede, ningunha taxa pode recadar máis do custo efectivo do servizo. Polo tanto, dentro deses límites legais que existen, estaría ben que se fixara unha coordinación entre todos.

Sr. Requeira Varela

Simplemente un matiz, efectivamente hai un vinte por cento que achegan os concellos, practicamente o servizo cóbrese coa achega da Deputación e da Xunta, e si tamén é certo que o concello é sede do Grupo de Emerxencias Supramunicipal, nos momentos en que non hai emerxencia, dalgunha maneira sérvese do persoal dese servizo para facer outro tipo de traballo, limpeza, prevención de incendios, etc., etc., xa está tendo unha contrapartida, porque seguramente se lle preguntáramos aos concellos limítrofes se queren esa sede a cambio desa contrapartida, diríannos que si, en lugar de pagar máis, entón aquí hai unha cousa curiosa porque se se opta a ter a sede e nos momentos en que hai tranquilidade, que oxalá que nunca tiveran que intervir eses grupos, se están facendo outros traballos do municipio desa sede, non vexo tampouco por que se lle hai que cobrar un plus, porque aquí incluso chega ao 50% cento máis o custo polo servizo fóra do municipio de Curtis, entón non sei por que hai que cobrar un suplemento aos concellos limítrofes porque xa dalgunha maneira o ter ese servizo aí dáche unha vantaxe dalgunha maneira porque podes facer outras cousas.

Sr. Fernández Moreda

É un rogo, eu fun presidente da Deputación catorce anos, en dúas etapas, non sei se fun bo presidente, mal presidente, regular presidente, cada un ten a súa valoración, o que si lle pode garantir é que fun un presidente honrado e honesto coa xestión dos fondos públicos, coa contratación e en materia de persoal, que estábamos debatendo. Vostede fixo insinuacións que non sei en que consiste. Eu pódolle asegurar, e ten funcionarios para preguntar que xamais recomendei a ninguén, xamais me metín en temas de promoción de persoal, xamais entrou aquí por petición miña ninguén que non fose por un sistema de acceso con publicidade, concorrencia e coñecemento, entón rógolle que de aquí en adiante, se ten argumentos para o que eu diga, os utilice, pero non faga insinuacións, e se ten que facer algunha acusación fágaa publicamente para poder defenderme, dígoo porque nun debate vostede dixo que podería contar non sei que de persoal, entón eu prefiro que se o debate se fai así, que diga o que hai para poder defenderme, porque a honra é algo que custa moito conseguir e destrúese moi facilmente, e xa digo, non sei se fun bo presidente, malo ou regular, cada un terá a súa opinión, pero pódolle garantir que fun un presidente honesto.

Sr. Presidente

Moi ben, pois tomada conta do seu rogo. Eu non fixen ningunha acusación, Sr. Moreda, eu dixen que en catorce anos vostede non foi capaz de enfrontarse a unha reestruturación, que di que deixou armada, é unha pena que en catorce anos non puidera facela e nosoutros en dous a fixemos, iso son cousas que están aí e que cada un como dixo vostede, e como dixo antes, nos reparos e na retroactividade e nalgún concello dos que se votaron tamén se daban, pero tamén os votou, non para todos,

cada un ten o seu punto de vista distinto. E o que dixen é que vostede neses catorce anos tamén desdoubrou servizos que despois volveron ser o que eran, eu non falei de ningún outro tipo de acusación, nin nada diso, é unha evidencia que se desdobraron servizos e despois volvéronse colocar onde estaban, mire, iso son decisións do goberno, aquí ninguén falou de ilegalidades, eu nunca falei de ilegalidades, pois esa é a puntualización que lle quero facer, o que pasa é que vostede vén aquí insinuar que esta entidade, se aprobamos un convenio non o aprobo porque é retroactivo, e non aprobo porque ademais leva un reparo, xa, pois nalgún convenio dalgún concello dos que vostede ten por detrás, tamén era retroactivo e tamén tiña un reparo, entón ou aplicamos o mesmo criterio para todos ou se non, claro, porque reparar as fochancas dunha estrada, por que ten que ser excepcional?, pois porque consideramos que ten que ser excepcional porque o concello, seguramente o POS o destinara a outras obras e servizos, o DTC tamén, e cando se producen eses danos seguramente non ten outros recursos, e eu confío nesa excepcionalidade, polo tanto, aquí non se pode utilizar o criterio segundo a vostede lle conveña, e iso é o que está facendo vostede coas insinuacións que Pleno tras Pleno vén sempre formulando aquí, si, Sr. Moreda, si, non, é un rogo que eu lle acepto.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.